

# Código



# Cero

Revista de Novas Tecnolóxicas de Galicia - <http://www.codigocero.com>

NÚMERO 45 MAIO/XUÑO 2006

## **Os gadgets do verán que se nos veñen enriba**

**Tecnoloxía para sombreiros de palla**

## **Nace a Asociación Puntogal**

**Un dominio para a nosa cultura, xa**

## **A voltas coa blogosfera galega**

**Retrato de galego con millo ó fondo**

## **Mundos Dixitais volve á Coruña**

**A animación por computador une culturas**

## **Achados científicos grazas a Google Earth**

**Ou cómo ver lugares inexplorados sen saír da casa**

## **Que pasa co software libre en Galiza?**

**Novidades dun xeito *indie* de ver a informática**



Tu potencial, nuestra pasión.™

**Microsoft**

**CEPSA**

SQL Server 2005

SQL Server 2005

Una compañía que lleva a cabo 14 millones de transacciones al día.

**Utiliza Microsoft SQL Server 2005.**

¿Cómo gestiona CEPSA los millones de datos que provienen de sus refinerías y plantas petroquímicas? CEPSA utiliza SQL Server™ 2005 sobre un Cluster Windows Server 2003 para su Sistema de Información de Planta, y extiende el BI a cada rincón de la empresa, de modo que cada perfil de gestor acceda a su información personalizada.

Para más información consulte [www.microsoft.es/clientesql](http://www.microsoft.es/clientesql)

© 2006 Microsoft Corporation. Reservados todos los derechos. Microsoft, el logotipo de Windows, Windows Server System y "Tu potencial, nuestra pasión." son marcas registradas de Microsoft Corporation en Estados Unidos y otros países. Los nombres de las compañías y los productos reales aquí mencionados pueden ser marcas registradas por sus respectivos propietarios.

Microsoft  
**SQL Server 2005**



## CÓDIGO CERO revista de novas tecnolóxicas de Galicia

### Director

Xosé María Fernández Pazos  
(director@codigocero.com)

### Subdirectores

Marcus Fernández  
(webmaster@codigocero.com)  
Carlos Ballesteros  
(cballesteros@codigocero.com)

### Redactores-Xefes

Fernando Sarasquete  
(redaccion@codigocero.com)  
Carlos Lozano  
(cuetorubio@yahoo.es)

### Redacción

Xabier Alcalá  
(Telecomunicacións)  
Damián Fernández (Linux)  
Manolo Gago (Opinión)  
Emiliano Gómez (Informática)  
David Lombardía (Nova  
Economía)  
Moncho Paz (Opinión)  
Modesto Pena (Redes)  
Víctor Salgado (Dereito)

### Colaboraron neste número:

Miguel Vila, Moncho Paz, Carlos  
Gulías, Raquel Noya, Fernando  
Sarasquete, Marcus Fernández e  
Pablo Grandío

### Supervisión lingüística:

Sonia Pena.

### Fotografía:

Adolfo Enríquez Calo, Joferpa.

### Edita:

Grupo Código Cero Comunicación  
UNINOVA.  
Políg. Ind. do Tambre Vía La  
Cierva, s/n (recinto Mercagalicía)  
Código Postal: 15890 - SANTIAGO  
Tel. 981 51 96 00/93 63 24  
Fax. 981 55 77 07  
Móbil: 690 60 71 02  
http://codigocero.com  
redaccion@codigocero.com

### Deseño Gráfico:

eNISA. Servicios Infográficos  
Rúa do Río, 30 - SANTIAGO  
Teléfono: 981 554 444  
correo@mundografico.net

### Imprime:

Celta de Artes Gráficas, S.L.  
Rúa Colón, 30 - VIGO  
Teléfono: 986 81 46 00  
Fax: 986 81 46 38

### Número 45

### Maior / Xuño 2006

Publicación periódica  
Depósito Legal: C-2301/01  
I.S.S.N. (edición impresa): 1579-7546  
I.S.S.N. (edición dixital): 1579-7554

## neste número...



A postal clásica do soño de verán do home medio traballador mudou coa chegada da tecnoloxía. Agora, para que se entenda o que estamos a dicir, xa hai axencias de viaxes que nos venden os seus produtos coa imaxe dun home ou unha muller na praia, debaixo dun parasol, bebendo coco con ron e cun computador portátil no colo. Sen meternos na cuestión de que estúpido pode ser o ser humano ó meterse nun refuxio paradisíaco co seu equipo informático, o certo é que a imaxe nos vale \_así collida con pinzas\_ para pór de relevo que xa non somos os mesmos. A Sociedade da Información fíxonos distintos, incluso mudou os nosos soños e converteu á nosa memoria en algo variable, impulsivo, até caprichoso. Case ninguén se lembra dos tempos en que non existía o teléfono móbil e iso que

foi onte, por así dicilo, cando eran os nosos pais os que, ó chegarmos á casa, nos informaban de quen nos tiña chamado ó longo da xornada. Que tempos aqueles! E que rápido vai todo. Por iso xa nin sequera nos estraña ver nunha postal turística, sobre unha toalla con palmeiras, un sombreiro de palla, un par de cocos e unha PDA. Por iso tam pouco nos conmove nada o feito de que a meirande parte da xestión da actividade turística rural se leve a cabo en Internet. Non é curioso que para chegar por estradas e camiños á casa de hóspedes máis afastada de Galiza teñamos que procura-los datos nas redes? Como é posible que teñamos que recorrer á tecnoloxía para regresar ó ancestral? Agora, nestes tempos que corren, até na páxina [www.sosgalicia.es](http://www.sosgalicia.es) da Dirección Xeral de Protección Civil se nos informa do estado do tempo

nas praias e das condicións para o baño. E logo descubrimos (como poderedes ver en páxinas interiores), e non sen certa sorpresa, que existe un amplísimo abano de aparellos tecnolóxicos para combinar con excursións á praia ou ó monte máis ou menos prolongadas. Incluso, mentres facíamos o especial sobre gadgets que ocupa as páxinas centrais (a partir da 15), atopamos DVDs, pantallas e reprodutores de mp3 resistentes á auga. A tecnoloxía vense de vacacións connosco, e non só falamos do teléfono móbil. Se a nosa tendencia, nas frescas noites de verán, é saírmos ó xardín para beber comodamente un té con xeo, é moi probable que o home cinema faga todo o posible para non ficar dentro da casa, triste e só. Chegaría a converterse en inchable, se así asegurase a súa presenza ó noso carón no xardín. É o caso do Outdo-

or Home Theater Screen, do que ofrecemos unha breve información neste número, que colle "corpo" co aire soprado coma as balsas da praia e os balóns de Nivea que sempre, irremediamente, acaban por fuxir mar a dentro. Mais non é de pelotas do que falamos neste número (que complicado é seguir unha liña argumental, até nun texto tan breve coma este!), senón de gadgets de verán, obxectos tecnolóxicos que, por estas datas, semellan máis ca nunca material de piscina. Un consello: a tecnoloxía está ben, pero cómpre non deixarse "comer" por ela. Se ides co/a voso/a compañeiro/a sentimental á praia cun reprodutor mp3, deixade sempre unha orella ceibe, sen auricular, perfectamente operativa para comezar unha conversa.

## sinatura convidada

Cen mil millóns de moscas, Miguel Vila ([www.colineta.com](http://www.colineta.com)), xornalista e blogueiro **4**

## novas

Resumo de actualidade de e-comercio e de empresas relacionadas coas novas tecnoloxías **6**

## reportaxes

Crónicas da Resaca das Letras **9**

A nova edición do festival Mundos Dixitais celebrárase na Coruña na primeira semana de xullo **10**

Nace a Asociación PuntoGal para reivindicar un dominio para a cultura e a lingua galegas **11**

Software libre en galego: ceibe, accesible... e galego **12**

A Internet curiosa: a Rede nunca deixará de sorprendernos (tódolos días) **14**

Especial gadgets para o verán: eu non vou a ningures sen o meu iPod **15**

Todo aquilo que podes descubrir no mundo vía Google Earth para presumir perante a túa familia e amigos **19**

O Observatorio para a Cibersociedade dínos como son os blogueiros galegos e a que estímulos responden **20**

Seguimos a voltas coa blogosfera galega: novidades e cousas que nos chamaron a atención **22**

A empresa De La Rue cóntanos en que situación está a banca electrónica en España e Galiza **24**

O noso compañeiro Carlos Gulías achega unha serie de comentarios sobre os recursos de Internet para o colectivo gai **25**

Entrevistamos a parte do equipo de Vieiros con motivo do seu décimo aniversario (dez anos demostrando que se pode ser un medio de comunicación en galego e \_aínda por riba\_ estar na Rede) **26**

Damos conta dalgúns desenvolvementos tecnolóxicos promovidos aquí, en Galiza **28**

Os dominios pantasma incrementan a súa presenza en Internet (se cliques mal na barra do navegador

Flickr ou Google, saberás do que estamos a falar) **29**

## xogos

Crónicas do noso compañeiro Pablo Grandío na súa visita á feira E3 de Los Angeles, a máis importante do mundo en materia de videoxogos **30**





## CEN MIL MILLÓNS DE MOSCAS

O xornalista galego (nado na Habana, criouxe no Valadouro) Miguel Vila fálanos neste artigo sobre á súa experiencia como blogueiro, levando as rendas do caderno Colineta, onde reivindica a creación anónima e popular da nosa cultura culinaria. Ó seu xuízo, os blogs cumpren en certa maneira os sonhos dos xornalistas: chegar ó lector sen intermediarios, sen censuras e, ademais, en tempo real.

Cando comecei a miña carreira xornalística a tecnoloxía punta do momento nas redaccións pasaba polas máquinas de escribir eléctricas, que se quedaban en aparellos manuais nos medios pobres. O orixinal que entón saía das miñas mans pasaba por moitas outras ata que se convertía nunha nova impresa, moito tempo despois se consideramos a efémera vida dunha noticia.

O tempo pasou rápido, pero a tecnoloxía foi aínda máis veloz e aquí me atopo, escribindo nun moderno computador portátil que un cuarto de século despois custou practicamente o mesmo que entón unha daquelas máquinas

**“Nunca quixen ser quen de construír unha daquelas máquinas de escribir dos comezos, que cando deixaban de funcionar mandábanse a un taller especializado. Tampouco quero agora fedellar nas tripas da rede, un labirinto para min, e confórmome con ter as ferramentas precisas para realizar o meu traballo e que estas non me fallen, cousa non sempre sinxela.”**

eléctricas. Malia todo, o proceso de publicación nun medio impreso segue a ser lento, e estas liñas pasarán por moitos monitores e algunhas mans antes de ver a luz sobre o papel.

Na rede, pola contra, os intermediarios da información redúcense ata practicamente desaparecer. E se están non son apreciables para os que participamos no proceso de publicación dixital como simples usuarios da informática. Nunca quixen ser quen de construír unha daquelas máquinas de escribir dos

suficiente como para interromper o programa que está en antena, cousa que acontece en poucos casos.

Claro que ningún sistema é perfecto e os blogs teñen tamén os seus problemas e complicacións. Un xornalista, coma un escritor, publica para que o lean, e canto maior sexa o número de lectores mellor. Esa ansia xornalística non sempre a satisfacen os blogs, normalmente con difusión limitada

**“Un blog cumpre un dos sonhos de calquera xornalista: chegar directamente ao lector sen intermediarios, sen censuras, sen máis valoracións da información que a propia e a que despois queiran facer os mesmos lectores”**



<http://www.flickr.com/photos/manuelino/132369675/>

comezos, que cando deixaban de funcionar mandábanse a un taller especializado. Tampouco quero agora fedellar nas tripas da rede, un labirinto para min, e confórmome con ter as ferramentas precisas para realizar o meu traballo e que estas non me fallen, cousa non sempre sinxela.

Nacín ao mundo dos blogs hai xustamente ano e medio e dende entón non hai día que non me mova polo mesmo máis ou menos tempo. Un blog cumpre un dos sonhos de calquera xornalista: chegar directamente ao lector sen intermediarios, sen censuras, sen máis valoracións da información que a propia e a que despois queiran facer os mesmos lectores, e facelo ademais en tempo real, máis rápido aínda, se cabe, cá propia radio, onde os procesos de selección da información e a propia programación, poden retrasar a publicación de calquera nova que non reúna unha urxencia extrema

debido, entre outras cousas, á enorme proliferación deste tipo de comunicacións que existe na rede, que moitas veces dificulta o acceso do lector a aquela información que certamente lle interesa polas dificultades para dar con ela. Semella unha enorme silveira chea de espiñas na que non sempre é doado chegar a aquela espléndida amora madura que se atopa no medio. Unha amora que está pero non vemos.

Supoño que será o tempo, e o bo criterio dos lectores, os que se encarguen de desbrozar a selva na que nos atopamos envoltos, inda que á vista do que pasa coa programación da televisión, non estou moi seguro de que os intereses dos que publicamos blogs de contidos e elaboración propia atopen un punto de coincidencia cos intereses dos lectores aos que pretendemos dirixirnos. Ou dito doutra maneira: non me fío do criterio dos cen mil millóns de moscas do conto.



<http://www.flickr.com/photos/manuelino/132369675/>



<http://www.flickr.com/photos/agustito/89390308/>



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Investigación,  
Desenvolvemento e innovación



FEDER

## **A CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA TEN ABERTO O PRAZO PARA SOLICITAR AXUDAS NOS PROGRAMAS DE FOMENTO DA PROPIEDAD INDUSTRIAL, SECTORIAIS E PROMOCIÓN XERAL DA INVESTIGACIÓN**

### **PROGRAMA DE PROMOCIÓN XERAL DA INVESTIGACIÓN**

Convocatoria publicada no DOG do 29 de maio de 2006

**Prazo aberto ata o 30 de xuño de 2006**

**Dotación: 7.555.000 euros**

#### **Tipo de axuda:**

- Axudas para grupos de investigación
- Proxectos de Promoción Xeral do Coñecemento
- Axudas para publicacións periódicas
- Axudas para organización de congresos e reunións científicas
- Axudas para asistencia a congresos e reunións científicas por parte de investigadores non vencellados ás universidades galegas

**Información: [www.dxid.org](http://www.dxid.org) / 981 54 16 71**

### **PROGRAMAS SECTORIAIS DE RECURSOS NATURAIS, TECNOLOXÍAS PARA A INNOVACIÓN E SERVIZOS AO CIDADÁN**

Convocatoria publicada no DOG do 29 de maio de 2006

**Prazo aberto ata o 30 de xuño de 2006**

**Dotación: 37.265.000 euros**

#### **Axudas relativas a:**

- Proxectos de investigación industrial
- Proxectos de innovación tecnolóxica
- Proxectos de desenvolvemento precompetitivo
- Proxectos de demostración
- Dotación de laboratorios e departamentos de I+D

**Información: [www.dxid.org](http://www.dxid.org) / 981 54 10 71**

### **PROGRAMA DE FOMENTO DA PROPIEDAD INDUSTRIAL**

Convocatoria publicada no DOG do 25 de maio de 2006

**Prazo aberto ata o 30 de novembro de 2006**

**Dotación: 600.000 euros**

#### **Conceptos subvencionábeis:**

- Solicitude de títulos de propiedade industrial (invencións, deseños industriais e signos distintivos) ante as oficinas estatais, rexionais ou internacionais
- Mantemento de títulos de propiedade industrial
- Inscripción de transmisións de títulos de propiedade industrial
- Análise de rexistrabilidade de títulos de propiedade industrial

**Información: [www.segapi.org](http://www.segapi.org) / 981 95 73 90/ 981 95 73 91**





## Presentan unha televisión por Internet dirixida a multimillonarios

A especialista no mundo inmobiliario, Teresha Bernabé, presentou en Marbella a súa propia canle televisiva que pretende ser a primeira televisión por Internet do mundo dirixida a multimillonarios, con programas nos que se pode visitar o interior dunha mansión de 24 millóns de euros, coñecer os vehículos máis caros do mundo ou dar cumprida conta da oferta hostaleira, de lecer, deportiva ou artística que sexa do interese do seu público obxectivo. Esta iniciativa quere chegar así ós membros do club dos 4 millóns de euros (xa que tódolos inmobles que vende Bernabé superan tal cantidade) aínda que tamén permite o acceso en aberto a calquera que sinta curiosidade por tal mundo restrinxido ós multimillonarios. Máis sobre isto en <http://www.theresabernabe.tv/channel.html>

## A directiva comunitaria de televisión sen fronteiras non afectará á meirande parte da Internet

Boa parte da Internet respira tranquila despois de que Viviane Reding, comisaria europea para a Sociedade da Información e os Medios de Comunicación, anunciase que a nova directiva comunitaria sobre televisión sen fronteiras non afectará a blogs, xornais e revistas, xa que se cinguirá a publicacións que teñan a televisión coma servizo principal. A normativa regula, entre outras moitas cousas, a publicidade, a protección do menor, a responsabilidade editorial ou a clara identificación dos espazos publicitarios (para distinguilos do resto de contidos) e agora queda claro que non se aplicará por extensión a tódolos medios que empreguen audiovisuais, senón que se limitará ós esencialmente televisivos (aínda que o seu soporte non teña por qué ser o da televisión tradicional). Vímolo en [www.lavanguardia.es/](http://www.lavanguardia.es/)

## GULO organiza no Campus de Ourense as segundas Xornadas Técnicas de Software Libre

O Grupo de Usuarios de GNU/Linux de Ourense (GULO) organiza do 26 ó 30 de xuño a segunda edición das Xornadas Técnicas de Software Libre de Gulo, que se celebrarán no Edificio Politécnico do Campus Universitario de Ourense. Os temas a tratar serán tan diversos como o propio concepto de código aberto, mais cómpre salientar os seguintes:



AJAX, formación a distancia, alternativas con ferramentas libres fronte ás propietarias, sistemas de acceso ás redes sen fíos, tipos de licenzas de *open source* que existen, que son e como funcionan os servidores de dominio ou o nivel de implantación do software libre nas administracións públicas.

Entre os relatores da xornada \_até 15\_ puidemos atopar a Marcelo D'Elia, impulsor do proxecto Software Livre Brasil. Cómpre sinalar que o número de prazas é limitada, polo que sería aconsellable que os interesados en acudir fixeran a inscrición o antes posible. Máis información en [www.gulo.org](http://www.gulo.org)

## Xa se pode probar libremente o Windows Vista Beta 2

A segunda versión de proba do sistema operativo Windows Vista que chegará a comezos de 2007 xa se pode descargar libremente da Internet en ter que precisarse a subscripción previa a programas técnicos de Microsoft, de xeito que calquera usuario pode achegar ó novo Windows, para coñecer as súas prestacións e comprobar no seu propio equipo o rendemento do mesmo para facerse unha idea máis axeitada do que lle traerá o Windows Vista e os requisitos que se deben cumprir para un funcionamento axeitado. Podémolo ver en <http://www.microsoft.com/spain/windowsvista>



## A Xunta dá a coñecer os nomes dos galardoados nos Premios Galicia Innovación Junior

Efrén López Ferreiro (do Colexio Nosa Señora da Asunción de Sarria) e Alejandro Riveiro de Aguilar (do IES Rosalía de Castro de Santiago) son os "primeiros premios" na cuarta convocatoria do certame Galicia Innovación, nas modalidades de 12 a 15 anos e de 16 a 18 anos, respectivamente. O primeiro dos mozos obtivo este recoñecemento polo seu *Sistema antigorgolexos* e Alejandro Riveiro polo *Sistema de guiado para condutores con discapacidades auditivas*. Ámbolos rapaces recibirán diverso material tecnolóxico de mans da Consellería de Innovación, que é o departamento que convoca estes galardóns.

Nesta cuarta edición dos premios presentáronse un total de 238 inventos, dos que resultaron premiados 16. Os segundos premios de cada categoría correspondéronlle a Rocío Lusquiños Ballesteros –na categoría de 12 a 15 anos–, polo traballo titulado *Visión Phone*; e a Casandra Gómez Casal –na categoría de 16 a 18 anos–, polo invento *Peche para bolsas de pan de molde*. Recibirá, cada unha delas, un ordenador portátil. Ademais, segundo informa a Consellería de Innovación, cada categoría dos premios está dotada, a maiores, con seis accésits. Na categoría de 12 a 15 anos, os gañadores son Víctor Tizón Otero, Gabriel Bescos Beceiro, Lorena Pérez Brandariz, Guillermo Aguilar Vázquez, Vidangerly Torrealba Vicuña e Carla GarcíaFerreiro. Cada un destes accésits está dotado cunha cámara de fotos dixital. Polo que respecta á categoría de 16 a 18 anos, os gañadores dos accésits son David Millán Touriño, Adrián Docampo Marzoa, Almudena Nóvoa Martínez, Adrián Pérez Rey, Jacobo Gómez Justo e Diego Vázquez Rodríguez. Recibirá, cada un deles, un i-POD.

## Os maiores poderán facer suxestións á Vicepresidencia da Xunta a través do correo electrónico

A Vicepresidencia da Xunta de Galicia creou o enderezo de correo electrónico [lecer@xunta.es](mailto:lecer@xunta.es) coa fin de que tódolos maiores galegos que o desexen poidan achegar suxestións e comentarios para completa-los contidos do programa *Lecer para os nosos* maiores presentado hai unhas semanas por Anxo Quintana. Con esta iniciativa, que se manterá até o vindeiro 25 de xuño, a Vicepresidencia pretende establecer un diálogo aberto cos maiores de Galicia para darlles un papel activo na sociedade.

O programa consta de 4 grandes encontros festivos (1 por provincia) nos que se invisten 200.000 euros e ós que se prevé unha asistencia dunhas 60.000 persoas. As xuntanzas comezarán o 8 de xullo en O Carballiño, seguido de Vilalba o 23 de agosto, mentres que as localidades de Melide e Pontevedra deberán agardar ó mes de setembro. Os eventos estarán presentados por Xosé Manuel Piñeiro (presentador do *Supermartes*) e contarán tamén coa presenza de humoristas coma Farruco ou Carlos Blanco e orquestras coma Leticia ou Amistade.

## A USC prepara a ferramenta informática que sustentará o Museo Virtual Universitario Galicia-Norte de Portugal

Vémolo na web da Universidade de Santiago: a institución educativa está a preparar o deseño e programación da aplicación informática que en dous meses estará ó alcance das seis universidades públicas da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal para a creación do Museo Virtual Universitario. Este proxecto, do que xa temos falado en ocasións anteriores, consistirá \_nas súas liñas básicas\_ en poñer en rede "un importante acervo de material científico dixitalizado referido á historia natural e ó patrimonio da comunidade universitaria eurorrexional".

Cómpre sinalar que serán 160.000 estudantes e 12.000 profesores os que se verán beneficiados por esta iniciativa. O Museo incluírá bases de datos con material en formato de vídeo, fotografía e sons, "ademais de ofrecer realidade aumentada, visións 3D e visitas virtuais". Máis en [www.usc.es](http://www.usc.es)


## Cadernos Cidadáns achegou máis de 200 blogs ós veciños de Vigo, Santiago, Lugo, Arteixo e Lalín

Un total de 210 cadernos creados por usuarios galegos arredor de cinco concellos: Vigo, Santiago, Lugo, Arteixo e Lalín. Así estaban a finais de maio as estatísticas do proxecto Cadernos Cidadáns en Galiza, posto en marcha por Europa Press coa colaboración dos devanditos concellos. A iniciativa, que se está a levar a cabo en toda España e que consiste en achegar ós veciños sistemas de blogs para teren o seu propio caderno persoal, está a ser especialmente ben acollida en Vigo, onde se contabilizaron 80 blogs (nesta cifra probablemente inflúe o feito de que foi o primeiro dos proxectos galegos que se puxo en marcha).

Por certo que a sorpresa vén, sen lugar a dúbidas, da man do concello de Arteixo, que contaba a finais de maio con 52 cadernos, seguido do de Lugo (42), o de Santiago (19) e o de Lalín (17). Por outra banda, cómpre sinalar que nestes 210 blogs galegos contabilizáronse un total de 305 anotacións ou artigos e 758 comentarios. No que se refire ás anotacións, destacan especialmente Virgo e Arteixo. En comentarios, Vigo e Lugo obteñen un posto salientable. Segundo os datos de Europa Press, Cidadans.net tamén constitúe a plataforma elixida por diversos colectivos veciñais de Lugo para desenvolver o seu propio caderno. É o caso da Asociación Veciñal Porta de Lugo, a Asociación de ex Alumnos do Colexio PP Franciscanos de Lugo, a Asociación Concepción Arenal ou a Asociación de Veciños Barrio da Estación. Máis en [cidadans.net](http://cidadans.net), [compostela.cidadans.net](http://compostela.cidadans.net), [lugo.cidadans.net](http://lugo.cidadans.net), [arteixo.cidadans.net](http://arteixo.cidadans.net) e [lalin.cidadans.net](http://lalin.cidadans.net)

# LIBERDADE

PARA AS TÚAS MANS  
Esquécete do mando a distancia



GRUPO CODIGO CERO COMUNICACION S.L.

publicidade@codigotv.com 981 936 324

**codigo**  
televisión



## Nace na Rede un proxecto de filme dirixido a denunciar a especulación urbanística na nosa costa

Vémolo no blog *A peli do día*, unha proposta que convida a empregar como pancarta, cartaz de protesta ou aturuxo denunciante a canle de comunicación e expresión de máis pegada na nosa sociedade: a audiovisual. Esta iniciativa, xerada e debatida no foro de Arredemo, vai dirixida a pór de manifesto que logo do caso “Prestige”, Galiza segue a correr toda clase de perigos, aínda que máis silandeiros e sutís, como por exemplo o da especulación urbanística. A proposta que vemos no dito blog consistiría, polo tanto, en retomar o espírito do filme *Hai que botalos* para denunciar os escándalos que se están a dar na costa galega dende o punto de vista arquitectónico. O novo filme, que podería levar o título de *A toda costa*, tería unha estrutura semellante a *Hai que botalos*, con curtametraxes achegadas por distintos autores. Dende estas comunidades galegas de internautas convidáse a tódolos interesados a participar con ideas ou traballos sobre o tema “*para logo facer unha proxección expansiva*”. A idea, como dixemos, é sacar á luz pública a urbanización ilegal de moitos puntos da costa galega e facela pública antes das eleccións municipais de 2007. Máis en [arredemo.info](http://arredemo.info) e [apelidodia.bitacoras.com](http://apelidodia.bitacoras.com).

## Tódolos tributos que xestiona a Xunta xa se poden tramitar a través da Rede

A Oficina Virtual da Consellería de Economía e Facenda permite a tramitación a través da Internet de tódolos tributos cedidos que xestiona directamente a Xunta de Galicia, ou sexa, as transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, sucesións e doazóns, patrimonio e incluso as taxas sobre o xogo. Deste xeito avánzase na Administración electrónica en Galicia, achegando ós cidadáns os servizos da Xunta, permitindo a realización de moitos trámites dun xeito máis áxil e cómodo. [https://host.cixtec.es/EntradaOficinaVirtual/OV/ga/OV\\_Tributaria.htm](https://host.cixtec.es/EntradaOficinaVirtual/OV/ga/OV_Tributaria.htm)

## O CESGA e os colectivos galegos de usuarios de GNU/Linux, xuntos a prol do software libre

Haberá máis cooperación a prol do software libre entre a Xunta e as comunidades de informáticos que empregan e desenvolven estes programas. Isto é o que se desprende do acordo



asinado o xoves 15 en San Caetano entre o Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e os Grupos Galegos de Usuarios GNU/Linux (GUGL). Segundo este achegamento, ámbalas partes traballarán de xeito conxunto para facer que os programas de código aberto sexan en Galiza algo máis ca ferramentas minoritarias, acadando así niveis de emprego semellantes ós dos países nórdicos ou ós dos Estados Unidos.

Cómpre sinalar que baixo o epígrafe “grupos de usuarios de Linux” áchanse un bo número de colectivos participantes neste proxecto: a Asociación de Usuarios de Linux da Universidade de Santiago de Compostela (AULUSC), a Asociación de Usuarios GNIX (AGNIX), a Asociación Grupo de Usuarios de Linux de Ourense (GULO), a Asociación Universitaria Grupo de Programadores y Usuarios de Linux (GPUL), a Asociación Cultural Grupo de Amigos de Linux de Pontevedra (GALPON) e a Asociación Grupo de Usuarios de Linux de Galicia (GLUG).

Segundo informaron ámbalas partes durante a sinatura do acordo, a iniciativa será coordinada dende o CESGA e materializarase na organización de seminarios, congresos, actividades de difusión, distribucións de programas, libros ou manuais (todo isto poderemos seguilo de preto na web [Mancomun.org](http://Mancomun.org), posta en marcha hai uns meses para fortalecer en Galiza o compromiso polo software libre, aquel que \_como ben ten amosado o sistema operativo GNU/Linux\_ é de balde e permite o acceso ó código fonte, posibilitando a súa modificación e mellora). Máis en [mancomun.org](http://mancomun.org).

## O 20 de xuño aparecerán as primeiras películas en formato Blu-ray

O vindeiro día 20 estrearse o formato de películas Blu-ray nas tendas norteamericanas, xa que aparecerán os 7 primeiros títulos entre os que están obras coma *El Quinto Elemento*, *50 Primeras Citas* ou *La casa de las dagas voladoras*. O lanzamento das películas coincide co do primeiro reprodutor de Blu-ray de Samsung e os primeiros ordenadores de Sony e Fujitsu con este tipo de unidades de disco.

Haberá que agardar uns meses para ver se esta guerra de formatos que enfrontará ó Blu-ray co HD-DVD se alza cun vencedor, ou nos veremos empurrados a convivir con dous formatos diferentes coma xa pasa cos soportes gravables de DVD.

## O Juan Canalejo acollerá un curso tecnolóxico para 25 pacientes con longos períodos de convalecencia

Como facer que a estancia nun hospital sexa o máis proveitosa posible? Que pasa cando nos ingresan nun centro sanitario por tempo indefinido e non temos maneira de acceder á información e (en consecuencia) á formación? A tecnoloxía, certamente, pode achegar algunhas chaves ó respecto, tal e como se fixo saber hai uns días na presentación no Cesga dunha iniciativa educativa para achegar a 25 pacientes do Hospital Juan Canalejo da Coruña un curso de informática e ofimática. O proxecto, no que participan o Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), a Universidade de Santiago e a Fundación Juan Canalejo, vai orientado a mitigar a ruptura coa vida activa que supón o ingreso nun hospital para as persoas que precisan longos períodos de convalecencia.

A iniciativa, que se inscribe no proxecto comunitario e-Hospital, porase en marcha en cinco países da Unión Europea de xeito simultáneo. No caso que nos ocupa, o curso terá unha duración superior ás 50 horas, e xirará arredor das novas tecnoloxías empregadas para favorecer a inserción laboral. A actividade desenvolverase a través de contidos en liña, obradoiros presenciais e tutoriais personalizadas. Os beneficiarios do curso serán persoas con lesión medular de idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos. O programa, que se apoia nun sistema de xestión de aprendizaxe de código aberto (desenvolvido polo Cesga), será levado á práctica a comezos do vindeiro curso, e estenderase ata o mes de maio.

## Nacionais e republicanos de novo en conflito bélico... mais nun videoxogo

A Guerra Civil Española, malia constituír un período da nosa historia que moitos quixeramos eliminar, aínda está ben presente a día de hoxe e é un tema moi recorrente tanto no cine coma na literatura actuais. Agora, este conflito bélico convértese tamén no argumento principal dun novo videoxogo de estratexia en tempo real para PC chamado *Sombras de guerra*, que sairá ó mercado o vindeiro mes de novembro. Legend Studios, a empresa española encargada de desenvolver o produto, estrutura o título en 20 misións por bando e permítelle ó xogador que opere no modo *Campaña*, escoller entre a fronte coa que quere vencer a guerra \_o republicano ou o nacional\_ (un detalle pola súa parte, tendo en conta que daquela moitos non puideron nin escoller o bando que querían defender). O xogo trata de reproducir o conflito tal e como foi, polo que o xogador vai atopando as misións históricas máis salientables seguindo unha orde cronolóxica. Non obstante, e malia que pretenda representar de forma fidedigna todo o relacionado coa ambientación e a recreación dos feitos, algúns eventos tiveron que ser modificados en función do bando elixido.

*Sombras de guerra: la guerra civil española* non é para controlar grandes exércitos. En realidade, ofrece a posibilidade de controlar varios “heroes”, que son personaxes con máis habilidades có resto e que son os que levarán ó xogador á vitoria por medio da estratexia mais axeitada.

Aínda que son moitos os conflitos bélicos reproducidos nos videoxogos, este de seguro vai traer polémica, polo de agora xa espertou o que poderíamos chamar “expectación”.

## O certame Compostela Curtocircuíto está a recibir curtametraxes de tódolos currunchos do mundo



Á mesma distancia da liña de partida e da meta. Deste xeito, a medio camiño do remate do prazo de presentación de obras audiovisuais \_o 30 de xuño\_, é onde se atopa o certame de curtametraxes *Compostela Curtocircuíto*, encadrado na sección oficial do *Festival Internacional CurtoCircuíto '06*. Segundo un comunicado da organización (Santiago de Compostela Film Commission), estanse a recibir obras de moi diversos países de moi variados currunchos do mundo: Palestina, México, Australia, Corea do Sur, Estados Unidos, Suíza, Francia ou Reino Unido. Este feito, a xuízo do comité organizador, non fai máis que confirmar ó festival como “*un referente internacional no que ó eido das curtametraxes se refire*”. O concurso está dividido en catro categorías atendendo a unha serie de xéneros: ficción, animación, videocreación e documental. Para participar neste certame é preciso cubri-los seguintes requisitos: que non se teñan dirixido previamente máis de cinco curtas nin longametraxes, que o produto presentado non exceda dos 25 minutos e que non fose estreado antes do 15 de xullo do ano pasado. As obras recoñecidas cos premios serán reproducidas en DVD para a súa promoción e difusión. Por certo que cada un dos premios de cada unha das catro categorías é de 3.000 euros, ademais do trofeo. Máis en [www.compostelafilm.com](http://www.compostelafilm.com)

## EsGl: novo tradutor que pasa do castelán ó galego unha media de 90 páxinas por minuto

Xa temos novo tradutor automático para ferramentas informáticas, aínda que desta vez vai ser empregado polo persoal da Administración autonómica (feito este que está a ser criticado fortemente por boa parte da comunidade internauta, que se ve excluída dun recurso ó que consideran que tódolos galegos debemos ter acceso). Trátase do EsGl, ferramenta que foi presentada o martes 13 por Marisol López (secretaria xeral de Política Lingüística) e que permite traducir do castelán ó galego unha media de 90 páxinas por minuto, e unhas cinco mil por hora. A aplicación, que tamén vai ser distribuída nos centros de ensino, nos concellos e noutras administracións, foi desenvolvida no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades en colaboración coa empresa catalá Incyte, que achegou o seu sistema de partida.

Segundo Marisol López, o EsGl vai orientado a apoiar o proceso de dotar ó galego dos recursos precisos que o posibiliten “*para vehicular a vida moderna*”. O tradutor é un sistema modular que se apoia en técnicas de lingüística computacional. Segundo indicou Marisol López na súa presentación, inclúe opcións para que o usuario sexa quen manexe as tarefas de tradución (e non ó revés), e permite crear glosarios, listaxes de novas palabras ou compostos nominais.



# A Resaca das Letras chega á súa cuarta edición

MARCUS FERNÁNDEZ

A Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación de Pontevedra acolleu o martes 23 de maio a *IV Edición da Resaca das Letras (RdL06)*, que é unha xornada de reivindicación da Internet en galego consistente nunha mesa redonda na que se falou sobre o fenómeno das bitácoras de Internet e se destacou a situación do galego na Rede e no resto dos medios.

Na mesa participaron Luís Álvarez Pousa (director de Tempos Novos), Marcus Fernández (webmaster de Código Cero), Amador Loureiro (creador da Dorfunteca e que informou sobre o proxecto BloGaliza), Berto Yáñez (de Chuza.org e Aduaneiros) e Carlos Santiago (do proxecto Arredemo), moderados por María Yáñez (directora de Vieiros).

Nas distintas intervencións falou-se da necesidade dun espazo galego da comunicación, da tecnoloxía que soporta os blogs (e as súas capacidades multimedia), das redes sociais aplicadas á edición na Internet e incluso a Rede coma ferramenta de reivindicación cidadá. Tamén se instou á creación e ó consumo de contidos en galego, como pode ser a mesma participación na Galipedia.

## Un espazo galego da comunicación

O director da publicación Tempos

Novos, Luís Álvarez Pousa, falou sobre o problema identitario, que aparece tamén no conflito entre o local e o global (elemento sumamente importante coa chegada da Internet), de xeito que a Rede tanto pode servir para globalizar nun mal sentido como para actuar en prol da diversidade cultural e lingüística.

Deste xeito, Pousa insta a crear un espazo galego da comunicación en distintos ámbitos (non só na Internet) e destaca a necesidade de que se institucionalice a lingua de distintos xeitos, como podería ser a súa vehiculización a través do Estatuto de Autonomía. De tódolos xeitos, a Internet estaría destacada coma sistema para promover o sentimento identitario no espazo público e, para tal fin, considera de interese que se faciliten os usos informáticos na nosa fala, de xeito teñamos aplicacións informáticas en galego.

## A tecnoloxía dos blogs

Marcus Fernández deu a visión técnica das bitácoras de Internet, comentado dende a súa orixe ata os elementos que compoñen os blogs, subliñando o feito de que o soporte tecnolóxico resulta irrelevante, polo que existen moitos xeitos de facer blogs, o que crea unha rica diversidade que actualmente está a revolucionar a Rede grazas ó achegamento da multimedia.

Considera que a democratización



Luís Álvarez Pousa falando no RdL06.

tecnolóxica creada pola baixada de prezos de material que permite, por exemplo, a gravación de vídeo, como a popularización da banda larga, fai que os servizos de vídeo na Internet estean a supor un avance descoñecido ata o momento, ó que se pode contribuír de moitos xeitos, o que está a crear un novo xeito de ver a web e as bitácoras, que están chamadas a evolucionar nos vindeiros meses, fomentando cada vez máis a participación dos usuarios.

## BloGaliza: un eixo para o blogomillo

Para dar constancia do que a iniciativa que supuxo para a Internet galega BloGaliza, Amador Loureiro (creador da Dorfunteca) comentou a historia deste iniciativa chamada a servir coma punto de encontro para creadores de blogs en galego (ou sobre Galicia).

Loureiro incidiu no feito de que nun principio só pretendía ter unha relación de blogs amigos, pero que co tempo decidiron facer máis doada a creación de bitácoras na nosa lingua, polo que adaptaron unha versión da aplicación WordPress multiusuario para permitir ós seus usuarios a creación de blogs en galego (cunha interface de usuario tamén en galego) de xeito que se consegue unha coherencia lingüística moi de agradecer (e que actualmente tamén se pode acadar con iniciativas como a Blogoteca).

Tras amosar ós asistentes tódalas funcionalidades de BloGaliza

quedou claro que se trata dun sistema moi completo e útil, que podería animar a moitos usuarios a dar o paso de publicar en galego na Internet.

## Chuza!: a edición social

Berto Yáñez presentou o proxecto Chuza, que é un sistema de control editorial non xerárquico, ou sexa, que se trata dunha rede social na que os usuarios deciden as novas que son do seu interese, de xeito que non precisa dun editor xefe, senón que o sistema se autoadministra, permitindo que as novas se adapten ós usuarios de Chuza aparecendo en portada ou resultando descartadas segundo a súa idoneidade.

Yáñez, xa que comentou a iniciativa combativa de Arredemo. Para comezar, Santiago comentou que a iniciativa Nunca Máis foi un fracaso por non acadar os seus obxectivos (que foi comentando isto cando se gañou ó público facendo referencias informais ó anterior presidente da Xunta de Galicia), polo que naceron Burla Negra e o Foro Negro, dende os que se veu a necesidade de iniciar un vehículo social para que non se repetise o anterior, de xeito que a sociedade se poida mobilizar no futuro con máis facilidade, valéndose para iso de ferramentas como a Internet.

Carlos Santiago destacou que Arredemo non ten así ningún tipo de dependencia, xa que conta con autonomía, o que están a demostrar coas distintas campañas que lanzan constantemente.

## Ó remate

Para concluír, María Yáñez convidou a tódolos presentes a participar en iniciativas como a Galipedia, de xeito que se contribúa á creación de contidos en galego na Internet e tamén incide no feito de que os blogs fan posible a emerxencia do xornalismo cidadán.

Asemade, a organización do evento tamén outorga os premios



Amador Loureiro explica en qué consiste BloGaliza

O sistema nace dunha iniciativa norteamericana semellante, Digg, que contou cunha versión española, Menéame (que inspirou a Berto Yáñez), que ó estar desenvolvida mediante código aberto fai doada a súa adaptación a distintos usos, polo que actualmente a existen distintas redes sociais baseadas en tal motor, pero que ten en Chuza o seu caso singular galego.

Durante o xornada púidose ver o funcionamento de Chuza, destacando a súa facilidade de uso, de xeito que instou ós presentes a colaborar neste sistema de edición que, como mínimo, resulta moi democrático e participativo, tanto a través do voto como dos comentarios dos usuarios.

## Arredemo racha con todo

A intervención de Carlos Santiago foi a máis polémica da mesa redonda conducida por María

Rede das Letras de xeito paralelo, que nesta ocasión contou cunha preselección de 100 páxinas webs realizada polos estudantes de 3º curso de Redacción Publicitaria, resultando a ganadora a Universidade de Vigo na categoría institucional, mentres que MrMisto Films, Artecnova, o Festival de Ortigueira e o Festiclown recibiron tamén galardóns, aínda que os premios máis importantes foron a parar para a Galipedia (que se fixo co G de platino) seguida da versión en galego de Google e as webs de Galego.org e Páxinas.com. O certame tamén deu accésitos a Rei Zentolo, Vieiros, Sinxelo e Chuza!.

Remata así unha iniciativa chamada a ter continuidade, e que acada un simbolismo especial grazas a que se celebra despois do Día das Letras Galegas.



Marcus Fernández explicando a tecnoloxía sobre a que se sosteñen os blogs.



# A Coruña, pixelada

O festival de curtas de Mundos Dixitais xa conta con máis de 160 obras presentadas de 24 países

A nova edición do encontro internacional Mundos Dixitais xa vai dando que falar. Segundo apunta a organización, xa son 163 as curtametraxes presentadas a data de hoxe para o Festival de Animación que vai incluído na xuntanza, como broche de ouro. A proxección dos filmes, que proveñen de 24 países de todo mundo, virá acompañada de obradoiros, conferencias e xogos. O encontro, organizado pola Universidade da Coruña e patrocinado pola Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual e máis pola Fundación Caixa Galicia, celebrarase na Coruña durante a primeira semana de xullo, na nova sé da devandita Fundación, no Cantón Grande.

[www.mundosdigitales.org](http://www.mundosdigitales.org)



## REDACCIÓN

### O factor "dixitos"

Mundos Dixitais é o sitio onde a arte da animación bebe das novas posibilidades que lle ofrece a tecnoloxía dixital. E non só se deixa influír no continente, senón que tamén no contido, posto que dalgunha maneira as novas ferramentas de traballo impoñen as súas condicións. É dicir: o virtual marca, e nin as temáticas nin as técnicas nin sequera os hábitos dos artistas se libran diso. Neste sentido, Mundos Dixitais funcionaría coma un foro de artistas e un festival, co valor engadido de ser tamén un seminario tecnolóxico.

## Internacionalizando

A maiores, tamén constitúe unha xuntanza con vontade de unir diferentes culturas arredor dunha práctica común: a de crear mundos novos a partir da sucesión de imaxes deseñadas por computador con técnicas dixitais. Polo tanto, o interese da organización é que sexa o máis internacional posible e que reúna á meirande cantidade de profesionais do cine de animación, dos efectos especiais e dos videoxogos. A finais de maio, como dixemos na entrada, xa foran presentadas 163 curtametraxes ó Festival Internacional de Animación, que constitúe o broche de ouro de Mundos Dixitais. As obras proceden de 24 países distintos, dato que segundo o comité organizador confirman o interese que esperta este encontro galego a nivel internacional.

## Prazo aberto

Segundo a Universidade da Coruña e tendo en conta que o prazo para a presentación de material aínda non está pechado, todo apunta a que o devandito Festival Internacional de Curtas de Animación de Mundos Dixitais contará este ano con máis participación ca nunca. O xurado do certame estará formado por profesionais como Manuel Meijide, director do festival, Manolo Gómez, de Dygra Films, Jordi Barés, de The Mill e Carlos Grangel, de Dreamworks SKG. Para estar ó tanto da información que vaia xurdindo sobre Mundos Dixitais, cómpre visitar a cotía a web habilitada polo comité organizador (e, como crítica construtiva, dicir que non se entende moi ben por que non se inclúe a versión en galego da mesma, sobre todo se pensamos que se trata dun evento noso). [www.mundosdigitales.org](http://www.mundosdigitales.org)

## Galicia Dixital

Entre as novidades deste ano atopamos unha que leva por nome Galicia Dixital. Esta actividade, desenvolvida en colaboración co Clúster do Audiovisual Galego, consiste nunha xornada dirixida a amosarlle ó público as propostas galegas máis salientables do dixital e a animación, un sector no que as empresas do país están a loitar por abrise camiño malia os obstáculos que todos coñecemos:

- Presión das grandes multinacionais e dos produtos que proveñen da industria dos Estados Unidos, que deixan en case tódolos eidos pouco aire que respirar.

- A condición de Galiza como enclave xeográfico na periferia de Europa e, polo tanto, a contrapelo dos principais axentes que toman as decisións.

Dito doutro xeito: na xornada Galicia Dixital as empresas e os emprendedores galegos acurtarán na medida do posible as longas distancias que normalmente os afastan dos restantes participantes de Mundos Dixitais. A idea é que sexan sobre todo as accións máis innovadoras da "factoría" galega as que se fagan chegar ós visitantes á Coruña.

## Ciclo de relatorios e obradoiros

A finais de maio o programa de conferencias e obradoiros estaba desta maneira:

### · A moza cadáver

Grangel Studio | Mackinnon & Saunders

Grangel Studio é unha empresa especializada no desenvolvemento de estilos artísticos e na creación de personaxes para o cine de animación e a publicidade. No encontro galego Mundos Dixitais centrase en afondar polo miúdo no proceso creativo levado a cabo no filme de Tim Burton, *A moza cadáver*.



### · Desenvolvemento de tecnoloxía propietaria: aplicación en setup e rigging

Miguel Ángel Jiménez, supervisor de Character Setup & Rigging e José Luis Gómez, desenvolvidor Lion Animation Studios

Este relatorio vai orientado a incidir no proceso de creación de tecnoloxía propietaria, xa que durante a produción dunha longametra as ferramentas do mercado non sempre encaixan do xeito máis desexable no plan de traballo do estudo.



### · A complexidade dun spot: desglose dos planos

Antonio Morales, director creativo de Ink Apache

A empresa española Ink Apache colaborou dende a súa fundación en 2004 con Cartoon Network, e vén de ser seleccionada para a renovación da canle de animación a nivel de Europa. Ink Apache encargouse xa da promoción da canle, na que se mesturan detalles da animación en 2D coa que case todos medramos e escenarios innovadores en 3D.



### · Control de multitudes

Ziah Fogel, crowds supervisor de Pixar

Pixar é unha das grandes factorías mundiais de animación dixital. Unha das súas últimas películas, *Cars*, contén secuencias completas nas que se precisaba animar e renderizar decenas de miles de coches ó mesmo tempo. De aí que

Pixar desenvolve un sistema que permitira levar a cabo o render de milleiros de persoas nas gradas dos circuitos de carreiras como para animar de xeito independente a cada un dos coches con acenos que fosen realistas.

### · Efectos visuais en comerciais

Andy Boyd, head of 3D commercials de Framestore CFC  
Framestore CFC emprega un amplo abano de técnicas para crear efectos visuais en comerciais. Na presentación, Andy Boyd amosará algúns destes métodos e a estrutura de produción que usan nos seus comerciais, incluíndo

exemplos dos seus máis recentes proxectos.

### · O novo Chicaco de Batman Begins

Dayne Cowan, co-head of 3D de Double Negative

Dayne Cowan foi o supervisor de determinados desenvolvementos dixitais para o filme *Batman Begins*. Na Coruña describirá os métodos e técnicas que empregou o seu equipo para crear a cidade dixital de Gotham empregando como alicerce a cidade de Chicago.



### · Integración de personaxes CGI na produción de imaxe real

Jon Uriarte Sastre, supervisor de shading, lightning e texturing de Bren Entertainment

Nesta intervención, Uriarte afondará no proceso de integración de imaxes CGI coa imaxe real para un dos últimos proxectos nos que traballou a factoría galega, con sé en Santiago: o filme *Pérez, o rato dos dentes* (título provisional), coproducido entre a firma arxentina Patagonik e a española Filmmax.



### · Deseño de xogos multixogador e comunidades on line

Fernando Piquer, director de Gamecrew, Zinkia Entertainment  
Piquer falará en primeiro lugar da natureza e definición do *Masive Multiplayer Online Role Playing Game*, para logo analizar as premisas a ter en conta na definición do concepto do xogo e dos seus elementos, así como do deseño de personaxes.



# O DOMINIO PUNTOGAL E A MARCA GALICIA

**MONCHO PAZ,**  
xornalista e consultor de comunicación

O pasado sábado tiña lugar en Compostela a Asemblea Constituínte da Asociación PuntoGal, que xurde co obxectivo de conseguir o dominio .gal como espazo propio na internet para a cultura e a lingua do país. Está iniciativa sen ánimo de lucro está promovida por máis de vinte entidades representativas de diversos ámbitos da sociedade galega, que avalarán a candidatura diante da *Internet Corporation for Assigned Names and Numbers (ICANN)*, organismo internacional que se encarga de autorizar e de recoñecer os dominios.

Na devandita reunión os promotores da idea fixeron un repaso dos traballos realizados ata agora, incluíndo a creación dunha páxina web, os contactos cos representantes do dominio .cat, o borrador dos Estatutos ou a imaxe corporativa da Asociación, entre outros. Unha vez comentados estes aspectos, a Asemblea aprobou os estatutos e a formación da primeira Xunta Directiva, que está presidida por Manuel González, secretario da Real Academia Galega (RAG). Dentro das liñas fundamentais de traballo inclúese a creación de varias comisións de expertos para elaborar as campañas de divulgación desta iniciativa que conta, entre os seus obxectivos, o de contribuir ao proceso de normalización lingüística.

Hai que dicir que a idea de promover .gal xa recibiu numerosos apoios oficiais, entre eles o do Consello da Cultura Galega e o da propia Real Academia Galega. Pero eu quixera hoxe destacar a súa importancia se a vencellamos a outro proxecto: o de Marca Galicia. Despois da moda galega nos anos oitenta -que xogou un papel determinante na proxección da nosa Comunidade- e tamén da creación da garantía Galicia Calidade na década dos noventa -que se converteu nun referente no Estado español para a implantación de distintivos oficiais deste tipo que avalan os produtos de determinadas zonas- nos albores do século XXI plantéxase a necesidade de promocionar Galicia como marca-país.

Para elo é necesario coordinar as distintas actuacións públicas e privadas, ademais de transmitir ás empresas e ás institucións a importancia de ofrecer unha boa imaxe como país competitivo e dinámico, baseada no progreso e na modernidade. De todos xeitos, para comezar a traballar neste proxecto con seriedade temos que analizar, en primeiro lugar, cal é imaxe actual que se transmite dende Galicia hacia fora, unha cuestión que debe espertar o interese de toda a clase política e, en especial, do Goberno da Xunta. Estamos a vivir un momento histórico de cambio a moitos niveis, e por iso a Marca Galicia será todo un detonante que sirva para promover unha imaxe renovada e compacta no exterior, favorecendo o proceso de internacionalización das empresas galegas e a súa penetración en novos mercados, que está a ser precisamente unha das misións actuais do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

Para acadar o dominio .gal é fundamental, xa que logo, a suma de todas as vontades da sociedade civil, empresarial, así como das autoridades galegas, asociacións culturais, fundacións, empresas, entidades deportivas e profesionais de distintos eidos; pero esta reivindicación debe contemplar tamén outros aspectos, como o de Marca Galicia, para conseguir un proxecto único e coherente. Por exemplo, no caso catalán, a unión e a forza da proposta fixeron que o .cat fose o primeiro recoñecido mundialmente, feito que ademais abriu a porta para o .gal e outros. É preciso lembrar, finalmente, que o propio Estado español, que foi consultado pola ICANN antes de outorgar o dominio, deu o seu visto e prace.

## REDACCIÓN

### Quen forma a Asociación?



PuntoGal é unha iniciativa que pretende achegar un dominio propio na Internet para a lingua e a cultura de Galicia, para o que se pretende xuntar a grupo moi numeroso e representativo de vontades para levar a cabo un proceso longo e tecnicamente complexo.

Nun primeiro momento a Asociación está promovida por 12 entidades que fixeron un traballo previo para chegar a unha Asemblea Constituínte cun proxecto esbozado e unha importante representación social para formalizar a Asociación PuntoGal cun número de entidades de peso, como foi así. Os promotores da Asociación foron a Asociación de Editores de Galicia, a Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicacións de Galicia, a Asociación de Fillos de Galicia (fillos.org), o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, o Consello da Xuventude de Galicia, as Empresas Galegas Adicadas a Internet (EGANET), Galicia Hoxe, Idesga-Galego 21, ISOC-GAL, a Mesa pola Normalización Lingüística, Veiros e a Real Academia Galega (RAG).

O sábado 10 de xuño celebrouse no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela) a Asemblea Constituínte da Asociación PuntoGal, contando coa presenza de múltiples entidades que se sumaron ás promotoras como as universidades galegas, o CESGA, a asociación de televisións locais de Galicia Onda Nós, o Consello da Avogacía Galega, ou esta mesma publicación, Código Cero. Trazáronse alí as liñas iniciais a seguir, aprobáronse os estatutos da Asociación e nomeouse a unha Xunta Directiva que quedou coma segue:

- Presidencia: Manolo González (Real Academia Galega)
- Vicepresidencia: Camilo Regueiro (Idesga – Galego21.net)
- Tesourería: Lois Rodríguez (Veiros)
- Secretaría: Darío Janeiro (Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia)
- Vogalías: Sergio Aramuru (Consello da Avogacía Galega), Marcus Fernández (ISOC-GAL), Antonio López (A.E.T.G) e un representante do xornal Galicia Hoxe.

### Promover o dominio

Para acadar o dominio galego a Asociación preparará informes para presentar ante a ICANN a xeito de candidatura que podería ter que presentarse no vindeiro mes de xaneiro (cando se agarda que se abrirá o prazo para a presentación de novas solicitudes de nomes de dominio de Internet) pero, a parte disto, tamén se realizará unha labor de promoción interna, de xeito que en Galicia se teña consciencia do que se está a facer, para sumar así novas adhesións a Asociación, pois permanecerá aberta a tódalas entidades que queiran aportar algo a esta interesante iniciativa. Para colaborar e informarse sobre a Asociación PuntoGal e todo o proceso que se está a realizar o mellor que se pode facer e visitar a páxina web creada para tal fin: <http://www.puntogal.org/>

Convidamos dende aquí a tódalas empresas e entidades que desexen unirse a esta campaña en prol dunha identidade galega na Internet a colaborar neste movemento reivindicativo que nos axude a conseguir para Galicia un espazo de seu na Rede.



## Nace a Asociación PuntoGal

para reivindicar un dominio para a cultura e a lingua galegas

*O pasado 13 de xuño na sede da Real Academia Galega tivo lugar a presentación dunha nova asociación para a promoción dun dominio de Internet .gal que correspondería a Galicia coma comunidade de fortes vencellos (lingüísticos, culturais, históricos e sociais).*

*Este novo dominio, de acadarse, estaría no nivel de dominios sponsorizados de carácter cultural como xa aconteceu co dominio .cat que funciona dende hai poucos meses. Para acadar este último dominio foi fundamental a suma de tódalas vontades da sociedade civil e empresarial, así como das autoridades catalás, de xeito que abriron unha porta na ICANN para poder solicitar dominios semellantes no futuro (coma sería o noso) polo que dende a Asociación PuntoGal se procura unha aglutinación social semellante para poder presentar a solicitude do novo dominio coa representatividade debida, de xeito que a organización encargada da regulación de dominios tome en consideración a proposta que se lle presente.*



Presentación da Asociación PuntoGal na sede da Real Academia Galega.



# Aberto, accesible... e en galego

Convertemos estas dúas páxinas enfrontadas nunha táboa de información sobre o que está a dar de si o software libre en Galiza e máis no mundo. Inclúese un feixe de pílulas de datos sobre o tradutor Opentrad de Imaxin, o estado de “galeguización” do Firefox ou a primeira película feita integramente sobre ferramentas de código aberto. Pero hai máis, e é posible que en canto saia esta revista do prelo haberá material novo para encher outras dúas páxinas. Poderemos aturalo? Sairemos vivos desta?



## REDACCIÓN

**Imaxin Software presenta na Politécnica de Catalunya o tradutor automático Opentrad**

O pasado 30 de maio a empresa compostelá Imaxin presentou na Universitat Politècnica de Catalunya (Barcelona) o proxecto Opentrad, sistema de tradución automática do que xa temos falado noutras ocasións (unha delas para referirnos ó novo disco de Neil Young, traducido ó galego) e que permite “xogar” coas linguas oficiais do Estado: o español, o galego, o éuscaro e o catalán/valenciano. A ferramenta, que permite traducir textos, documentos (HTML, RTF e TXT) e páxinas web, foi desenvolvida por un consorcio integrado por tres empresas e catro universidades. Entre a primeiras, atópanse Eleka (<http://www.eleka.net>), a Fundación Elhuyar (<http://www.elhuyar.org>) e a galega Imaxin Software (<http://www.imaxina.com>). Polo que ás universidades se refire, participaron a Universidade do País Vasco, a Universitat d'Alacant (Valencia), a Universitat

Politecnica de Catalunya e a Universidade de Vigo. Cómpre sinalar que o Opentrad (en breve no sitio [opentrad.imaxin.com](http://opentrad.imaxin.com)) é unha ferramenta de software libre, e que se distribúe a través de SourceForge. Isto significa, entre outras cousas, que calquera usuario pode descargalo da Internet e axeita-los seus elementos ás necesidades propias.

Os pares de linguas que contan xa con desenvolvementos operativos son:

- español (es) <-> catalán/valenciano (ca)
- español <-> galego (gl)
- español &#8594; éuscaro (eu) (o sistema só traduce do español ao éuscaro, e non á inversa).

A ligazón é [www.opentrad.com](http://www.opentrad.com). O programa está a ser empregado por moitos usuarios particulares e empresas de Galiza, entre os que se atopa Código Cero. Amais, é ferramenta de uso común nas administracións, segundo fixeron saber os responsables de Imaxin na presentación en Barcelona. Opentrad é o primeiro sistema informático que opera traducindo textos do castelán ó éuscaro, aínda que os seus responsables recoñecen que o proceso inclúe unha ampla marxe de erro. Pola contra, o consorcio aínda non foi quen de desenvolver unha ferramenta que percorrese o vieiro inverso: a tradución do éuscaro ó castelán. Cal pode ser o motivo? Non é outro que a gran distancia que afasta a unha lingua da outra, amais das propias características do idioma éuscaro, que non se asemella a ningún outro coñecido. Polo que respecta á marxe de erro, cómpre dicir que do castelán ó galego é do 4,8%, sendo do español ó éuscaro do 24,8%. O proxecto Opentrad está financiado polo Ministerio de Industria.

## Innovación destina 1,7 millóns de euros a potenciar o acceso ás redes nos concellos de menos de 35.000 habitantes

En Galiza, no que se refire á nivel de penetración das novas tecnoloxías na vida dos seus habitantes, existe unha gran distancia entre o que acontece nas grandes cidades e o que sucede nas vilas e, sobre todo, no rural. Case se podería dicir que, a nivel de acceso á Sociedade do

Coñecemento, estamos a falar de mundos distintos. Na liña de loitar contra esta situación é onde cómpre poñer os 1,7 millóns de euros que a Consellería de Innovación vai destinar para favorecer o acceso ás redes dos concellos de menos de 6.000 habitantes e de entre 6.000 e 35.000 habitantes. Cómpre sinalar que unha boa parte dese investimento irá dirixida á creación de portais informativos que, no caso dos de máis de 6.000 veciños, serán mantidos polos colectivos de cidadáns, construídos sobre o alicerce do software libre e incluíndo o galego como lingua vehicular. Estes portais abrangerán, segundo di a Consellería, “*espazos para dar a coñecer o capital asociativo do concello, as súas actividades e canles de participación*”. No que se refire ós de menos de 6.000 habitantes, subvencionarase a través dunha aplicación xestora de contidos en entorno de código aberto e que cumpra tódalas normas de accesibilidade. Innovación subvencionará os custos de deseño e realización da web, así como os gastos de mantemento e hospedaxe durante un ano.

## O grupo Brux-Gal presenta en Bruxelas un manifesto a prol da innovación tecnolóxica en Galiza

Temos novas da capital de Bélxica, onde a delegación galega do sector da I+D convidada polo BNG presentou o *Manifesto de Bruxelas pola Innovación en Galiza*. O documento desta “embaixada” galega, que foi entregado no Parlamento Europeo, consiste na acta fundacional do Grupo de Traballo Brux-Gal pola Innovación, que ten como gran obxectivo potencia-las iniciativas transversais de innovación en Galiza. Entre os fundadores desta agrupación atopamos persoeiros de renome no eido da Sociedade do Coñecemento, como Xavier Alcalá, director da Oficina de Programas Internacionais de I + D da Consellería de Innovación; Xesús Baleato, da Mesa Galega pola Innovación; Xavier Vence, profesor da USC especialista en temas de I+D+i; Manuel Muño, responsable da Comisión de Novas Tecnoloxías do BNG; María Yáñez,

directora de Vieiros e Miguel Ángel Fernández, presidente da Asociación Galega de Usuarios de Linux. O documento presentado fai fincapé nos seguintes cometidos principais:

- Acadar meirande investimento en recursos humanos e formación.
- Evitar a emigración dos científicos mozos e persoal técnico cualificado.
- Apostar por un emprego racional dos Fondos Estruturais, “co fin de que potencien o investimento en infraestruturas de tipo tecnolóxico”.
- Habilitar redes tecnolóxicas.
- Subliñar o papel da Sociedade da Información como elemento divulgador e protector da nosa cultura e a nosa lingua.
- Apostar polo software libre como oportunidade de desenvolvemento económico e social.

## É posible empregar o Firefox en galego grazas a tradutores voluntarios

Que o navegador Firefox non inclúa na súa listaxe de traducións oficiais ó galego podería ser cousa de pouco tempo, xa que comunidades webs como a de Galego21 veñen de publicar un ficheiro que permite traducir a interface do programa á nosa lingua. Agardemos que no futuro a tradución ó galego apareza na listaxe pública de Mozilla para o seu navegador Firefox, de xeito que se faga máis doada a súa instalación na nosa fala. Actualmente hai moitos outros programas xa traducidos que van dende o eMule ata o MSN Messenger, pasando polo Thunderbird, co que temos un panorama no que o galego deixa de ser incompatible co uso da informática. Por certo que o Firefox en galego está neste intre abondo avanzado, como podemos ver na web de Galego21, onde están pechados os procesos de tradución inicial do programa, da corrección da tradución inicial do programa, da tradución inicial da axuda e da corrección da mesma. Queda aberto aínda o proceso de corrección final de todo o traducido. É aí onde se pide a axuda dos internautas, no que podería chamarse “o repaso do repaso do programa”. Podémolo ver en <http://www.galego21.org/doku.php/proxectos:firefox>



Na imaxe podemos ver como funciona a ferramenta Opentrad traducindo un texto galego ó castelán







Fernando Blanco, no centro, presentou a nova tradución ó galego do Open Office e máis un acordo coa Real Academia Galega

### Descargables en Mancomun.org (tamén para Mac) o Open Office 2.0 en galego e o corrector na nosa lingua

Pudémolo comprobar hai unhas semanas: a suite Open Office 2.0 en galego que traduciu Imaxin xa está dispoñible para PC e Mac, amais do corrector ortográfico baseado na normativa oficial e vixente da lingua. En realidade, xa existían bos traballos previos de tradución do proxecto Ceibe, pero o que se quixo facer con esta iniciativa foi pulir aspectos referentes á adaptación á normativa e achegar máis uniformidade. Esta versión da *suite* ofimática conta con procesador de datos, ferramentas para efectuar presentacións multimedia, debuxos vectoriais, gráficos e fórmulas, amais de utilidades de conversión de ficheiros, entre outros, os formatos de Microsoft Office. O Open Office é un conxunto de aplicacións de oficina creado a partir do Star Office de Sun Microsystems e licenciado como software libre. No pasado mes de abril, a ferramenta foi descargada en 40 millóns de ocasións, o que a converte no programa informático de *open source* que máis pasou duns servidores a outros e dunhas mans a outras. Podemos facer a descarga na plataforma web de software libre posta en marcha pola Consellería de Innovación: [mancomun.org](http://mancomun.org).

Polo que respecta ó corrector ortográfico, dicir que foi desenvolvido atendendo á normativa oficial da lingua actualmente vixente, que segue as normas ortográficas e morfolóxicas divulgadas pola Real Academia Galega en decembro de 2003. Amais, fai uso do Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGA), propiedade do Instituto da Lingua Galega (ILGA) e da Real Academia Galega (RAG). O dicionario empregado conta con 7 millóns de palabras, delas máis de 30.000 son lemas, máis de 500, abreviaturas, máis de 1.500 nomes e apelidos e máis de 400, siglas e acrónimos.

Polo que respecta ós detalles sobre a localización desta nova tradución do Open Office, cómpre dicir que está feita baixo licenza GPL, "*segundo o paradigma do software libre*", segundo sinala Imaxin. Poderémola atopar neste enderezo:

<http://www.mancomun.org/index.php/index.php/index.php/content/view/171/107/>

Por certo que Imaxin tamén habilitou un corpus para axudar ós futuros proxectos de localización de software, amais da distribución para Mac que xa está dispoñible:

<http://www.mancomun.org/xesterm/xestermos.php>

Por outra banda, o código fonte tamén está dende o primeiro día da presentación en Mancomun.org:

<http://www.mancomun.org/index.php/index.php/content/view/171/107/>

### Innovación e a RAG divulgarán na Rede "material lingüístico de utilidade"

Tendo en conta que tanto o Open Office en galego como o corrector foron presentados na véspera do Día das Letras Galegas e do Día de Internet, non é de estrañar que Innovación incidise un pouco máis nesa "feliz coincidencia" galego-tecnolóxica. É nesa liña onde cómpre situar o acordo de colaboración asinado entre o conselleiro Fernando Blanco e o presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro Fernández. O obxectivo do convenio é este: tirarlle rendemento ás posibilidades da Rede para divulgar "*material lingüístico de*

*utilidade para o emprego xeralizado dos galegos e galegas*". Neste senso e para que se entenda a natureza do acordo con detalles concretos, dicir que Innovación investirá 36.600 euros para o proxecto de dicionario monolingüe e a súa instalación en Internet; 8.000 euros para a posta en rede do Mapa Sociolingüístico de Galiza e 18.000 euros para a realización dunha colección de dicionarios bilingües.

### Os computadores de baixo custo de One Laptop Per Child estarán dispoñibles en abril de 2007

Vémolo no portal Mancomun.org: os primeiros computadores de baixo custo da fundación *Un computador por neno* (One Laptop Per Child) estará dispoñibles en abril de 2007, cun sistema operativo baseado en GNU/Linux. O obxectivo da organización posta en marcha por Nicholas Negroponte e outros integrantes do Massachusetts Institute of Technology é achegar o emprego da informática e as súas ferramentas alí onde as familias non teñen recursos abondo como para mercar un computador dos que poderíamos chamar "convencionais". O custo final deste equipo que presentamos será de 130 euros, prezo que vai alén do que inicialmente

estaba programado: uns 100 euros. Estes computadores faranse chegar directamente a escolas ou a través dos programas dos gobernos interesados no proxecto. Cómpre sinalar que Nicholas Negroponte é un dos informáticos máis coñecidos de Estados Unidos, fundador e director do Media Lab, deu a coñecer a fundación *Un computador por neno* no Foro Económico Mundial de Davos, no que confirmou o seu compromiso por loitar contra a fenda dixital.



Nicholas Negroponte lidera un proxecto para loitar contra a fenda dixital no mundo empregando software libre

### Xa se pode descargar de balde a primeira película feita integramente con software libre

*Elephant Dream* pasará a historia por ser a primeira película feita integramente con software libre (especialmente co programa 3D Blender), aínda que tamén destaca polo sistema de distribución, xa que circulan copias cinematográficas en películas de 35 mm. Así, pódese mercar en DVD por 35 euros (cunha chea de extras) ou ben descargar de balde a través da Internet en distintos formatos e calidades, pasando dende un ficheiro en Quicktime de 99 Mb e cunha resolución de 480 píxeles de ancho a unha versión de 815 Mb en MPEG-4 con son AC3 cun ancho de 1920 píxeles (en alta definición). Para achegar a través da web as distintas versións da película inclúense moitos enderezos web con descargas directas, aínda que se aconsella valerse da rede BitTorrent para unha descarga máis áxil. Máis información en <http://orange.blender.org/the-movie>



A película Elephant Dream, feita sobre software libre, pódese descargar de balde en diferentes formatos e calidades



# Así é a Internet

*A Rede non é só cifras, datos tecnolóxicos servidos en frío, estatísticas e protocolo. Non, a Rede tamén é unha fonte inesgotable de sorpresas agradables e curiosas e algunhas delas, como a do éxito do galego Edilberto Alonso en Internet, son até o material informativo que estabas a agardar para recuperar a túa fe nos valores da Sociedade da Información. Por outra banda, tamén é unha boa nova saber que hai unha web que che axuda a ceibarte sutilmente das supostas amizades que che saturan cada día a bandexa de correo con emails de fortuna en cadea. A estes e outros asuntos, ideais para reconciliarnos coa Rede, lles dedicamos a seguinte páxina. Vindes?*

**RAQUEL NOYA**

**Aboféeeeeee que así é... Galicia será nacióooooooooon!!**

**La, la, laaaa, la...**

17 de maio do 2006, Día das Letras Galegas e Día Mundial da Internet e da Comunicación. Tan só Edilberto Alonso sabía o que estaba a ferver na Rede, e cales eran os elementos imprescindibles para facer deste día unha xornada inesquecible para todos nós. Este compositor galego, nacido en Curtis e afinado en Irlanda (en Tipperary) facíanos chegar \_a través de Internet\_ a súa última composición, unha oda a Anxo Quintana que reivindicaba o carácter nacional de Galicia en tan só uns cantos versos.

*Galicia será nación* rachou moi cedo con tódalas expectativas e, en menos de 24 horas, case mil persoas xa descargaran a canción dende a <http://www.xuvecurtis.com/>, unha web que tamén se viu saturada polas visitas recibidas. A día de hoxe (1 de xuño), o propio Edilberto afirma que máis de 500.000 persoas xa escoitaron a composición e, segundo o diario Galicia Hoxe, preto de 800 persoas baixan a canción cada día. Como non podía ser doutra maneira, os medios de comunicación fixéronse eco desta febre polo cantautor e Edilberto Alonso apareceu en varios medios dixitais (nos que se inclúe o noso portal de novas

tecnoloxías), na prensa escrita, en coñecidos blogs e incluso Luis Pardo, de Radio Galicia, tivo con el unha conversa telefónica en directo que tivo moita transcendencia. Non é de estrañar, pois, que a sintonía soe nos móbiles até en Madrid e que a xente non se apure en contestar, ó fin e ó cabo, é o trobador, é a lenda. E é que a “edilbertomanía”, como denominan nalgúns medios a este fenómeno de masas, xa fixo historia e Edilberto Alonso, aínda que nunca gañe o festival de Eurovisión (nin falla que lle fai), quedará para a prosperidade como o primeiro home que lle cantou a Anxo Quintana e que compuxo a canción con máis descargas no espazo cibernético galego.

## **Adeus as cadeas irrompibles de correos: o remedio chámase Teapreciomucho.com**

Agora que a Comunidade Europea vai presentar un plan para loitar contra o correo lixo non desexado, levando a cabo unha serie de medidas para reforzar a seguridade en Internet e combater os delitos informáticos e as prácticas como o envío de *spam* e de programas espía (*spyware*), é cando vemos de verdade que hai outro correo indesexado que non se considera lixo. Este tipo de correos, que amola tanto ou máis có *spam*, son as mensaxes reenviadas a xeito de cadeas que “por nada do mundo” podemos crebar, porque iso nos pode traer arrepiantes desgrazas, como non atopar ó amor da nosa vida até dentro duns sete anos ou non ter relacións sexuais nunca máis. Tamén os hai dos bos, dos que ó seren reenviados até 50 veces déixanche vía libre para algo marabilloso ás oito desta tarde cando chegues á casa. E, se non o cres, estás exposto a unha serie de increíbles anécdotas de amigos duns amigos que tiñan uns coñecidos ós que lles pasou tal cousa en tal sitio o día que non cortaron a cadea. Unha faena, estaredes de acordo. Pois ben. Está nas nosas mans rematar con esas cadeas tan parvas, e [www.teapreciomucho.com](http://www.teapreciomucho.com) axúdanos a facelo. A través desta web, podemos explicarlles a tódolos individuos que teñen a bondade de facernos chegar tanta documentación e bos desexos, que aínda que lles temos moito aprecio e que nos caen moi ben, os correos reenviados que tan amablemente chegan ás nosas contas son un estorbo de considerables dimensións.

Para comezar, os *spammers* aproveitan os enderezos que se inclúen na cadea para enviar correo lixo indesexado, co que a bandexa de correo énchese en seguida de *spam*. Logo tamén, a maioría dos correos que falan de nenos enfermos, donativos e demais son falsos, así que estragamos o noso prezado tempo dedicando varios minutos a ler estas falsas desgrazas e laiándonos do inxusto que é este mundo. Para continuar, os correos que nos ofrecen móbiles ou cartos son falsos e un fraude denunciábel e, para concluír, a xente que non lle o seu correo a diario corre o risco



de perder os e-mails importantes por ter a conta chea de animacións, fotos, documentos en PowerPoint ... e outras marabillas reenviadas mediante cadeas increbrantables. É por iso que, a eses amigos que nos achegan estes correos, podemos enumerarlles sutilmente \_a través desta páxina\_ as razóns polas que non queremos ser incluídos na listaxe de contactos que empregan a cotío, que ben seguro lles será de moita axuda tamén a eles para esquecer ese eterno pesadelo que pon en xogo a súa estabilidade emocional.

## **O Friki Test segue a avaliar a “singularidade” dos internautas**

Chámaselle o Friki Test e foron moitos os internautas novos que o visitaron con motivo do Día do Orgullo Friki, o día 25 de maio (unha cousa levou a outra), e moitos os xa veteráns que volvimos cumprimentalo formulario, á espera de mellores porcentaxes.. Entre outras cousas, o Friki Test serve para coñecernos un pouco mellor a nós mesmos, e tamén para saber dunha vez por todas se somos só aprendices de *frikis* ou, pola contra, estamos moi avanzados nisto de ter visto máis de trinta veces *Blade Runner* ou no de coleccionar compulsivamente cubos de Rubik ou bolígrafos de catro cores. O Friki Test, que inclúe series longas de preguntas \_que son, en si mesmas, o seu meirande atractivo\_, é unha adaptación e unha tradución do Geek Test. Na web española podemos ver 239 das 720 preguntas dispoñibles. Por certo que se acadamos só unha porcentaxe do 10% o test considéranos só “*persoas con certas tendencias frikis*”. A partires do 25% podemos estar seguros: somos *frikis* e non hai dúbida ó respecto. Todo o que pase do 80% pódese cualificar de “preocupante”, polo que na web se lle recomenda directamente que acuda ó psiquiatra. Sexa como

sexa, é probable que a meirande parte dos usuarios pechen a xanela do Friki Test cun aquel de decepción. Só así se entende a frase incluída na parte superior dereita da web: “*Decepcionando frikis dende 2003*”.

## **Os Cadernos Rubio, tamén en Internet**

Quen non lembra aqueles míticos caderniños de matemáticas Rubio, que todos algunha vez nas nosas vidas enchemos de borróns, sobre todo nos serán das vacacións de verán antes de come-lo bocadillo da merenda? Quen non se encheu de contar cos dedos miles de veces por esquecer a táboa do 9 (ou por non aprendela por moito que nos obrigarán)? Quen de neno, non colleu ás agachadas a calculadora para facer con ela as operacións do caderniño de matemáticas sen erros? Hai cousas que nunca cambian, aínda que iso si, modernízanse. Agora, os nenos xa non teñen que andar co lapis e a goma de borrar (a propósito disto, en tódolos colexios había cativos que borraban co dedo, deixando un enorme buraco no papel... por que farían iso?). Agora, os caderniños Rubio de toda a vida comezan a realizar a súa transición cara a Internet, e na súa web podemos atopar exercicios interactivos de sumas, restas, multiplicacións e divisións; xogos dirixidos a nenos de entre 7 e 10 anos que permiten varios niveis de dificultade e que reforzan as operacións ensinadas nas aulas, ó tempo que introducen ós cativos no universo



de Internet. Rubio.net conta con varias seccións que van dende un apartado para dúbidas e suxestións dos pais ata outro dedicado ó medio ambiente ou un acceso ó catálogo de tódolos cadernos de caligrafía ou matemáticas. Todo isto coa finalidade de convertelo nun instrumento pedagóxico que adapte o método tradicional de reforzo de Cadernos Rubio ás novas tecnoloxías.

Será cuestión de tempo agardar a que saian os cadernos de ortografía, xa que con todo o que se atopa un pola Rede hoxe en día, case fan máis falta cós de matemáticas.





## As orixes do gadget/gizmo

Falar de *gadgets* é como falar de todo o que nos rodea, hoxe en día. Ata que punto un secador de pelo non é un “gadget”? E un vibrador? Segundo a Wikipedia, un *gadget* ou *gizmo* é un dispositivo que ten un propósito específico, xeralmente de pequeno tamaño, práctico á par que innovador. Tendo en conta isto, e para non enlear máis a cuestión, é doado supoñer que cando alguén fala dun “gadget” está a falar de algo que está xusto na punta da tecnoloxía, aí onde fica vivo o factor “sorpresa”. É dicir: sempre haberá alguén na face do mundo que quede con expresión de abraio perante un *gizmo* operativo. Un exemplo disto é o *walkman*. Xa pasaron décadas dende o intre en que saíu ó mercado, pero a quen nunca viu un reprodutor de mp3

nin un *discman* pareceralle algo increíble.

Os *gadgets* non son un invento de hoxe en día. A palabra, de feito, xa se empregaba a finais do século XIX en Estados Unidos, concretamente para designar ás figuríñas que a empresa Gaget, Gauthier & Cie, encargada da fundición da Estatua da Liberdade, puxo no mercado. As figuríñas en cuestión eran, como se pode deducir, réplicas en miniatura da famosa estatua, e a operación comercial non só debeu sentar-las bases do fenómeno *gadget* senón dos propios fundamentos do *marketing*. Máis tarde, dise na Wikipedia, chamóuselle “gadget” á bomba atómica desenvolvida no Proxecto Manhattan.

Na ficción, os *gadgets* teñen sustentado o alicerce argumental e incluso narrativo de moitos produtos do cine e a televisión. En ocasións, os propios dispositivos

acababan por converterse en protagonistas das propias historias relatadas, como no filme *Cellular*, na saga de James Bond ou na triloxía (ata o de agora) das *Misións Imposibles*. Nestes e noutros produtos (e subprodutos), calquera escusa semella boa para:

- Facer publicidade dos aparellos tecnolóxicos, coma publicidade integrada no corpo da película (co que se evitaría, vaites, a interrupción do filme para espazos publicitarios).

- Deixar que sexan os *gadgets* os que sosteñan o peso dramático, o que non tería por que ser malo se a película está protagonizada por Keanu Reeves.



## Blogueiros galegos: a vida, mellor con gadgets

No xenérico, non temos constancia de datos abondo recentes dos *gadgets* que máis nos gustan ós galegos, nin do seu nivel de penetración. Porén, no concreto, si que podemos botar man de estudos como a *I Enquisa a Blogueiros Galegos* do Observatorio para a Cibersociedade, no que se dá conta dos *gizmos* que máis manexan os que posúen un caderno persoal en Internet. O teléfono móbil é líder indiscutible, cunha porcentaxe do 97,2%, taxa que posiblemente non sexa moi diferente do que acontece coa poboación galega que fai uso en xeral das novas tecnoloxías. Ou sexa: que galego ou galega hoxe en día menor de cincuenta anos non ten móbil? Segundo o estudo do Observatorio, a cámara dixital ábrese camiño a pasos axigantados. Así, entre os usuarios de blogs que escriben en galego, o 77,5% contan con este aparello. O reprodutor dixital é o seguinte da listaxe, cunha taxa do 57,8%, seguido do portátil cun 44,8% e a videoconsola cunha porcentaxe do 31,9%. Ademais, a investigación achega o seguinte dato de interese, sobre todo porque se trata dun dato que nos sitúa por enriba da media española: máis da metade dos bitacoreiros galegos teñen, cando menos, catro dispositivos tecnolóxicos. O nivel de penetración de todos eles, alomenos no *blogomillo*, é superior ó do Estado.

## Webs de gadgets

Internet é o mellor medio para poñerse ó día na cuestión “gadget”, e non deixa de ter a súa lóxica que así sexa. Porén, como acontece hoxe en día en tódalas cuestións que nos rodean, hai información de máis. A listaxe de webs que falan destes asuntos é tan longa que o internauta corre o risco de ficar inmovilizado perante a pantalla, abrumado polos datos. Sen embargo, cómpre non deixarse arrepiar. A cousa é máis sinxela do que se pensa: non xorden tantos *gadgets* no mercado como para encher con información única e individualizada cada unha desas moitas webs ou bitácoras. As historias repítense. O mellor, se cadra, é visitar algunha das máis referenciais e estar atentos á aparición de novas webs \_preferentemente en galego\_ que teñan certa orixinalidade e orixinalidade.

<http://www.pixelydixel.com/>

Recomendada por José Luis Orihuela no seu Ecuaderno, a web Pixel y Dixel lémbra-nos que nisto da vida tecnolóxica ou da tecnoloxía vital xa case é imposible que nos quiten dos miolos a idea de que as cousas que nos rodean teñen *píxeles*, por enteiro. Só hai que achega-la vista e aí están, os pequenos cadradiños. Porén, non é a reflexión apocalíptica sobre unha sociedade *abducida* polo dixital o que máis abonda, senón as presentacións, as novas e as crónicas de asuntos que

teñen que ver co vídeo, Internet, a publicidade, o cine ou as tendencias. Todo moi ben presentado, cun contido que deixará satisfeitos ós que visiten a web a cotío e con certo sentimento de culpabilidade a aqueles que a visiten unha única vez para non volver máis. Foi a través de Pixel y Dixel como soubemos que é posible facer no salón da nosa casa cámaras estenopecas de cartulina.

<http://www.tecnogadgets.com/>

Outro *site* recomendado por Orihuela. Seguindo os canons de feitura dun blog, esta web vai ó miolo da cuestión coma unha frecha nos mundiais de tiro ó branco. Sen máis rodeos. Temos fotografía dixital, móbiles e reprodutores multimedia, cun predominio do visual sobre calquera outro elemento. Os textos son breves coma instrucións de uso *ultrarresumidas*: na maioría dos casos non van alén do puramente descritivo. É o sitio da Rede ideal para os internautas que devecen por saber antes ca ninguén o que ocorre no eido da tecnoloxía de lecer. Se non les esta web, non serás peor persoa.

<http://www.bitcero.com/>

Deseño limpo para unha web que é coma unha orde casualmente ordenada de elementos mínimos. Moi visual, con breves apuntamentos que deixan (desta vez si) ampla marxe para os comentarios de tipo persoal e

o humor, o que é de moi de agradecer, xa que a ironía segue a ser \_mentes nada cambie\_ o pretexto que os bos lectores agardan para visitar máis de dúas veces a mesma web. Por Bitcero coñecemos a mini-caixaforte de parede (con feitura de regreta), un dos *gadgets* máis curiosos de toda a tempada.

<http://luarnet.com/>

Pedro Jorge Romero, blogueiro afincado en Santiago puxo en marcha hai certo tempo unha bitácora dedicada a móbiles, unha web feita dende Galiza que a todos os que non somos Pedro Jorge sérvenos para estar ó día nun sector que está sempre en renovación, e non só polo feito de que só hai unha única cousa tan obsoleta como o xornal de onte: un móbil mercado hai dous anos. A web é, por así dicilo, un brazo de río da súa bitácora persoal (<http://www.pjorge.com/>), unha das máis visitadas e recoñecidas de España. O seu autor, cando puxo en marcha Luarnet, salientou o que ó seu xuízo son vantaxes moi evidentes: 1º quen non queira ler moito sobre móbiles pode evitala con facilidade e 2º permítelles ó autor e ós lectores experimentar cunha bitácora temática, lonxe de propostas máis xenéricas que en ocasión poden dispersar a mente dos internautas.

As razóns que elixiu Pedro Jorge para levar adiante este blog baséanse na crenza de que no futuro haberá

# Aparellos para a bolsa de viaxe

Ofrecemos completa información sobre o presente e o futuro do mundo dos gadgets, obxectos tecnolóxicos de natureza imprescindible e imprevisible

*Gadget: aparello tecnolóxico que é como unha prolongación do noso corpo e que ten unha función útil e específica. Nestas páxinas que veñen a continuación imos falar deste tipo de “cousas” tecnolóxicas que, malia o seu estraño nome, levan máis tempo na familia do que se pensa. Quen tivo algunha vez un walkman, tivo un gadget. E o mesmo podemos dicir do iPod, o discman ou os PDAs, aparellos que chegan á nosa vida como tecnoloxía allea e acaban sendo esa cousa sen a que non podemos vivir e que sempre metemos na bolsa de viaxe cando estamos a piques de partir cara algures. Nas páxinas que seguen atoparedes información sobre os gadgets que se nos veñen enriba e polos que devecería até o mismísimo inspector francés que os popularizou nunha xa mítica serie de debuxos animados. Tamén incluímos información sobre os hábitos dos galegos no que se refire a estes aparellos tecnolóxicos. Benvidos, polo tanto, ó universo gadget. Collédenos do iPod... perdón, da man, e deixádevos levar.*







dous tipos de computadores. Haberá os que están nun sitio concreto, perfectamente localizables e haberá outros ciscados por aí, acompañando ás persoas, e esta é precisamente unha das chaves para entender o noso mañá: a mobilidade. Dela precisamente, fala e seguirá a falar abondo este blogueiro en Luarnet.com.

#### <http://es.gizmodo.com/>

Internacional coma poucas (ten unha listaxe de opcións de idiomas que xa quixeran moitas webs governamentais europeas), Gizmodo é un referente no que ó universo gadget se refire. Trátase dun espazo web feito por persoas que se divirten falando e escribindo dos *gizmos* que lles caen nas mans ou coñecen por outras webs, e este é un detalle que se agradece moito. Coma un club de amigos que logo de percorrer o mundo facendo descubrimentos reúnen para compartir os seus achádegos. Por certo que mentres se facía este artigo constatamos o constatable: que na meirande parte das webs sobre *gadgets* repítese a información. A riqueza está nos diferentes puntos de vista. Vía Gizmodo atopamos o ELP Laser Turntable, un reprodutor de discos de vinilo que vale nada desprezable cifra de 12.000 euros e que, en troques da agulla tradicional, emprega un láser como o que lle saía á Estrela da Morte de *Star Wars* cando se incomodaba.

#### <http://xataka.com/>

En cuestións de sitios que tratan sobre *gadgets*, Xataka é sen lugar a dúbidas un clásico, sempre e cando poidamos falar de "clásicos" nun universo tecnolóxico relativamente novo. Xataka ten humor e está sempre un punto por diante de moitas webs que tratan de facer exactamente o mesmo. De aí o seu éxito. Coma outros *sites* da mesma liña, Xataka é un caderno colectivo. Todo está feito para informar, divertir e *non se pode negar* para facer negocio (os seus responsables son os primeiros en recoñecelo). En realidade, funciona como unha peneira de información: o que vemos cando visitamos Xataka é unha selección feita polos seus autores do que se publica a cotío sobre *gizmos*. É unha web aberta: o equipo responsable anima a tódolos colaboradores a deixar pegada.



#### <http://spanish.engadget.com/>

A versión en español deste espazo web está en beta, pero serve para facerse unha idea do que ofrecen: consellos, comentarios, novidades, descrições e, tamén, publicidade. Engadget.com é unha das webs desta temática que máis directamente falan ó internauta de a pé, ese que ten problemas incluso para pagar a conexión ADSL cada fin de mes. Tódolos seus redactores fan gala de espírito crítico, e con isto queremos dicir que se teñen que convencer de que non merques un aparello, vano intentar seriamente. A fin de contas, non sempre son snobs da tecnoloxía os que se conectan a estas páxinas de *gizmos*, aínda que si é certo que hai moitas webs que serían, por así dicilo, escaparates para xente con algo máis ca panos de papel e chaves nos petos do pantalóns. Engadget é recomendable para saber, por exemplo, cal de entre tódolos portátiles máis novidosos do mercado podería ser o máis barato.



#### <http://tecnochica.com/>

O nome do sitio xa o di todo. Trátase dunha desas webs que, nun principio vai orientada ó sexo feminino e que logo acaba sendo visitada por tantas mulleres coma homes. Sexa porque toca temas certamente divertidos ou pola súa feitura de caderno persoal (feitura que sempre identificamos cun diálogo cara a cara), a verdade é que non fai falla ser moza para entender o éxito de Tecnochica.com. Non sería de estrañar atopala nos *favoritos* de toda a sección masculina da redacción de Código Cero. Gústanos ese xeito que teñen as súas autoras de falar dos *gadgets* máis salientables da tempada, algúns deles fascinantes coma o micrófono con radio de American Idol que permite cantar debaixo da ducha sen que se estrague, ou a báscula con *bluetooth*, da que falaremos máis adiante, axeitada para calcular en tempo real a masa muscular e a porcentaxe de graxa corporal. Tamén nos gustou o colar de advertencia para cans mascotas ou os distintos xeitos que están ó noso alcance para decorar un computador portátil. Obxectos para mulleres en exclusiva? Nós dubidamos de que así sexa. A devandita báscula con *bluetooth*, nos vestuarios dun equipo de fútbol masculino, sería tan disputada coma un caramelo na porta do colexio.

## Frikadas

### England Drinking Hat: Para Cervexeiros Con Preguiza

Vía Gizmodo España

Xa, está ben claro, estabamos a falar de cousas serias e de súpeto metemos esta "cousa". Mais é imposible resistirse a facer referencia ó moito tempo e esforzo que certas empresas do mundo dedican a desenvolver *tecnoloxicamente* falando, parvadas. Pero as parvadas seguen a fabricarse, coma se nas tendas de *gadgets* houbera lexiões de seareiros devecendo por poñerse un casco coma este. A pregunta é: hainos? En Galiza triunfaría unha cousa así coa nosa bandeira? O caso é que o England Drinking Hat inclúe soporte para dúas latas, un tubo que leva o líquido ata a boca. Se fose ideal para algo, sería ideal para os días en que fai tanta calor que nin sequera tes forzas para mover un brazo e coller un vaso do que sexa. O seu prezo é de 12 euros e, como moitos outros *gadgets* absurdos, non inclúen pilas (as pilas, neste caso concreto, serían unhas latas de Estrella Galicia).



### Beer Holster: desenfuda que teño sede

Vía Gizmodo España

Ideal para facer parodias de duelos do salvaxe oeste *con profusión de espuma de por medio*, esta ferramenta podería ser unha especie de *boom* nun Mundial de Fútbol que se celebra nun país cálido. O aparello chámase Beer Holster, dando por sentado que o uso principal que se lle vai dar será o de facer que a relación entre o home e a botella de cervexa sexa o menos incómoda posible. E que pasa se o que nos gusta é a gasosa? O Beer Holster inclúe cinto, está fabricado en coiro e pode carretar cervexas ou latas de 33 centímetros. Na nosa redacción, ó verlle a feitura a esta "cousa", xa houbo quen dixo que é ideal para presentarse nunha primeira cita e dar unha boa impresión. Será?

Páxina do produto: [www.redenvelope.com](http://www.redenvelope.com)

### Mobile Cooler Rollerbar: sen a miña neveira non vou a ningures

Vía Gizmodo España

Seguimos a voltas cos produtos



especialmente desenvolvidos para o verán. Este do que falamos agora é o Mobile Cooler Rollerbar, unha neveira compacta que, como o propio nome indica, pódese transportar a onde queiramos (mais non se indica se se pode levar ben coa area, e é un detalle importante a ter en conta, sobre todo se non nos amola que un aparello tecnolóxico lle reste protagonismo ó tanga que *igualmente* estreamos). Con tanga ou sen el, a neveira móbil arrefría as cousas que teñamos dentro até nuns 20 centígrados menos cá temperatura ambiente durante sete horas, sen que precise ficar enchufado a ningunha toma de electricidade. Ten unha batería de 12 voltios recargable e 50 litros de capacidade. O seu custo é de 362 euros, o que non semella moi disparatado para tódolos que esteamos a pensar en cambiar de neveira. Se ben con rodas, mellor.

Páxina do produto: [www.boysstuff.co.uk](http://www.boysstuff.co.uk)



### Outdoor Home Theater Screen: cinema no xardín

Vía Gizmodo España

De que xeito se infla isto? Teremos que soprar directamente coa boca ou poderemos empregar un clásico bombín de bicicleta. O caso é que non nos fagan suar, que non queda moi elegante, se o que queremos é: 1º Impresionar a alguén (sempre hai un punto de vaidade na adquisición destes produtos) e 2º Desfrutar dunha xornada de relax ó aire libre dun terrazo, finca, leira ou galpón. Chámase Outdoor Home Theater Screen, e é como sacar o Home Cinema a pasear. Está desenvolvido por BrookStone, que asegura que a instalación non che levará máis de catro minutos. A pantalla mide 2,4 por 2,1 metros e inclúe altofalantes individuais (non inflables). O seu custo é de 785 euros e non inclúe o proxector de exterior.

Páxina do produto: [www.brookstone.com/shop/](http://www.brookstone.com/shop/)



### Nike+iPod Sport Kit: conexión directa do reprodutor co calzado

Visto en Tecnogadgets

Hai certa tendencia a pensar que se dúas multinacionais suman esforzos para levar a cabo un desenvolvemento, por forza ten que saír desa unión algo brillante. Nike e Apple veñen de facelo, de unirse, mais serán os usuarios e o paso do tempo os que digan se co Nike+iPod Sport Kit sumaron ou restaron. Nun principio, a proposta semella posuír un aquel de interese: un dispositivo que permite conecta-lo calzado deportivo da gama Nike+ co iPod nano, co fin de que este amorcee información de tempo, distancia, calorías queimadas e ritmo. A tendencia é a que Nike amplíe a súa gama de produtos que teñen conexión directa co reprodutor de música de Apple.

Información do produto: <http://www.apple.com/ipod/nike/>



### SmartShirt: conversas coa camiseta

Visto en Tecnochica

Facer unha camiseta que pense un pouco máis intelixente ca algúns de nós (ollo: eu inclúome no grupo) non semella tarefa difícil, o que é máis complicado é desenvolver unha prenda que che informe de certas funcións corporais das que sempre está ben que che informen. Por exemplo: o ritmo cardíaco, o movemento ou a temperatura. Cousas así. A SmartShirt está desenvolvida



pola firma Sensatex, e segue na liña de facer que as prendas dos nosos caixóns sexan fontes de información, compañeiros de conversas, amais de cousas prácticas coas que abrigarnos (para cando os orelleiras con reprodutor de mp3? E os calzóns con sensor térmico?) A SmartShirt contén un micro controlador que envía sinais dixitais remotas en tempo real por medio dunha infraestrutura sen fíos. Deixando de lado o humor, o certo é que pode ter aplicacións moi prácticas para persoas con doenzas crónicas. Páxina do produto: <http://>





## Polycom lanza un sistema de conferencia baseado en Skype

A afamada empresa de produtos de videoconferencia, Polycom, chegou a un acordo con Skype para fomentar as comunicacións corporativas a través do popular sistema de voz por Internet.

Así, veñen de lanzar o Polycom Communicator, que consiste nun altofalante USB que permite falar en mans libres con alta calidade, incorporando tecnoloxía de eliminación do eco, de xeito que é unha solución moi axeitada para falar comodamente mentres se establecen comunicacións a través do Skype, co conseguinte aforro para a factura do teléfono.

O novo dispositivo véndese en modelos azul claro e negro por 130 euros.



## USRobotics achega un altofalante para empregar o Skype a xeito de mans libres

Pero como o dispositivo de Polycom é máis ben profesional, USRobotics xa comercializa o USR9610 USB Internet Speakerphone, que vén a ser un altofalante que se conecta ó porto USB do ordenador e que facilita a realización de chamadas de voz a través do ordenador, pero cun prezo moito máis popular que outros dispositivos semellantes.

O altofalante incorpora tecnoloxías de eliminación de eco e redución de ruído, e conta cunha alta definición de son, de xeito que acada os estándares de calidade precisos para unha boa comunicación de voz a través da Internet, e permite efectuar chamadas a través de sistemas coa o Skype coas mans libres e, de feito, está deseñado especialmente para o seu uso mediante tal aplicación informática.

O prezo de venda do USR9610 anda polos 40 euros.



## Archos AV700, gravador e reprodutor de TV portátil

A xente de Archos que impor os reprodutores multimedia portátiles que reproducen tanto vídeo coma son, incorporando a recepción televisiva en algúns dispositivos, polo que o feito de que incluso incorporasen a gravación deste tipo de sinais era un paso evidente, aínda que non se agardaba que chegase tan cedo.

Iso si, o AV700 TV de Archos é un gadget moi completo pero caro, pois custa 700 euros, o que aínda é unha cantidade moi elevada (é o prezo de moitos portátiles) para un dispositivo destas características. Pero hai que recoñecer que se trata dun produto excelente, soportando a gravación de vídeo dixital en MPEG-2, integrando dous sintonizadores de televisión e incorporando unha pantalla de 7 polgadas. Incluso conta cun adaptador para colocarse no reposacabezas do coche.

A súa capacidade de almacenamento é de 40 Gb (o que debería ser máis que suficiente para un dispositivo portátil) pero sorprende a súa calidade de recepción de televisión, xa que é capaz de captar o sinal a velocidades de ata 130 Km/hora, aínda que a cobertura de certas canles podería ser un problema na nosa xeografía, polo que non se recomendaría ese tipo de uso, sendo máis habitual a sintonización de televisión en lugares estáticos.



## Rimax lanza o seu propio gravador de TDT con disco duro

Rimax presentou o seu primeiro gravador de Televisión Dixital Terrestre con disco duro de entre 80 e 160 Gb que permite gardar entre 50 e 100 horas de programación televisiva, o que resulta moi cómodo para abandonar o domicilio durante o día (para sacar proveito das horas de sol) de xeito que ó chegar á casa pola noite podemos atopar os novos programas favoritos correctamente gravados e sen ter que empregar para tal fin discos DVD ou cintas VHS que ocupen espazo.

O TDT 5500+HD facilita ó usuario a visualización dos contidos gravados coma se fosen contidos en DVD, dun xeito moi intuitivo, aínda que tamén destaca por prestacións coma a visualización dunha canle mentres se grava outra ou a incorporación dunha guía de programación (EPG) multilingüe que permite coñecer os contidos que emiten as distintas canles a xeito de grella de programación.



## Pantalla resistente á auga Princeton PTV-WWTV7

Coa chegada do verán aparecen normalmente dispositivos electrónicos resistentes á auga para as actividades deportivas, pero algún sorprenden por ser dunha necesidade moi dubidosa, pero que poden ser atractivos para uns usuarios moi concretos, como sería o caso da pantalla PTV-WWTV7 de Princeton.

Trátase dunha pantalla resistente á auga, de xeito que se podería colocar ó carón dunha piscina durante o verán, que ten batería recargable e un sistema de transmisión de vídeo a través de Wi-Fi (para precisar mellor falaríamos do estándar de transmisión IEEE 802.11a, o que evita as interferencias das moitas redes 802.11b/g que hai na actualidade), de xeito que podemos recibir dende a pantalla LCD as imaxes dun DVD, a televisión (o propio emisor Wi-Fi integra un sintonizador de televisión analóxica) ou calquera outra fonte de vídeo estándar, de xeito que a súa colocación en lugares con moita humidade podería facer realidade iso de ver a televisión ata na ducha (aínda que lembramos que a resistencia a auga dos produtos non chega ata o punto da inmersión dos mesmos).

A pantalla de 7 polgadas acada unha resolución de 480 x 234 píxeles e pesa 900 gramos e venderase a un prezo estimado de 49.800 iens (uns 346 euros).



## Reprodutor de MP3 resistente a auga Oregon Scientific MP121

Coa proximidade do verán os fabricantes de electrónica tamén preparan novos produtos coma o reprodutor de MP3 de Oregon Scientific MP121 que permite o seu funcionamento baixo a auga (a un máximo de 1 metro de profundidade) polo que é un dispositivo ideal para o seu uso durante a práctica de actividades náuticas.

O MP121 reproduce arquivos MP3 e WMA, incorpora radio FM con 30 presintonías, resiste golpes e nesta ocasión incluso conta coa posibilidade de medir a distancia percorrida ou as calorías consumidas (útil para os que o empreguen facendo deporte).

O modelo con 1 Gb de capacidade véndese a 190 dólares.



### Venderán no Xapón un portátil resistente á auga

Un vaso de auga derramado sobre un ordenador portátil pode traer repercusións catastróficas, polo que o fabricante Matsushita Electric (empresa matriz de Panasonic) incorporará no seu novo portátil Let's Note CF-Y5 un recubrimento resistente á auga que protexe o disco duro e a placa base contra a auga.

O CF-Y5 chegará ás tendas niponas o vindeiro 19 de maio e venderase a 265.000 iens (uns 1.850 euros).



### Sony Ericsson comercializa no Xapón un móbil resistente á auga

O clientes da empresa de telefonía nipona DoCoMo poderán mercar o novo terminal Sony Ericsson SO902WP+, que resulta especialmente rechamante por ser resistente á auga, de xeito que se converte nun móbil excelente para os usuarios que practiquen deportes náuticos.

O terminal tivo que sacrificar a súa cámara dixital de 3,2 Mpíxeles por unha de 1,3 Mpíxeles para poder adaptarse de xeito sinxelo á súa condición de resistente á auga e véndese por menos de 300 euros. Agardemos que en breve se poida adquirir nas tendas europeas.



### DVD portátil resistente á auga

Levar ó reprodutor de DVD á praia ou á piscina xa é posible grazas ó novo invento de Axion, o reprodutor AXN-6075 que, aparte de incorporar unha asa de transporte e soportal salpicaduras, conta cunha pantalla de 7 polgadas de alta resolución (1400 x 480 píxeles) e brillo, integra altofalantes (e permite o seu uso con cascos), aliméntase cunha batería recargable (ou directamente á corrente) e incluso conta con mando a distancia.

O permitir reproducir dende DVD ata MP3 converterase nun compañeiro ideal para levar durante as nosas vacacións e que terá un prezo inferior ós 200 euros.



### Sony Ericsson lanza un móbil para usar mentres se fai deporte

Sony Ericsson está a lanzar varios móbiles novos (esta semana anunciou 5 novos modelos) entre os que destacamos o W710 Walkman, que inclúe un sensor de movemento e un programa de fitness para que, mentres se escoita música co móbil, se poida facer un seguimento do exercicio físico realizado polo usuario.

Teñen así en conta o feito de que o uso de música practicando deporte é moi habitual, polo que os cascos do novo móbil están deseñados para o seu uso durante o adestramento físico. Temos así un dispositivo que integra o móbil cun reprodutor de MP3 e un podómetro e que se venderá a prezos que estarán entre os 200 e os 300 euros.



### Samsung presenta un móbil cunha cámara de 10 Mpíxeles

Durante o CeBIT presentaron o móbil de Samsung SCH-B600 que incorpora unha cámara dixital de 10 Mpíxeles, incorporando zoom dixital de 5 aumentos (e óptico de 3), foco automático e incluso disparo continuo de fotografías.

Asemade soporta comunicacións Bluetooth, permite a introdución de tarxetas de memoria e permite recibir emisións televisivas mediante o protocolo DMB, de xeito que estas prestacións conforman un terminal de telefonía móbil moi completo que se venderá a uns 700 dólares. Temos así un novo dispositivo que servirá tanto coma móbil como de cámara fotográfica dixital, de xeito que evitamos ter que andar cargando con dous dispositivos, o que non está nada mal para o período estival.



### Casio lanza unha cámara de 10,1 Mpíxeles

A cámara dixital Exilim Zoom EX-Z1000, que presenta un excelente deseño e acabado, colócase no mercado como a primeira cámara fotográfica dixital non-profesional de 10,1 Mpíxeles, o que incrementa as posibilidades á hora de ampliar as nosas fotografías ou cortar sectores das mesmas.

Tamén destaca a súa autonomía, xa que incorpora unha batería Super Life que permitiría tomar ata 360 instantáneas se recargar. Complétase cunha pantalla de 2,8 polgadas, zoom óptico de 3x (e dixital de 4x) e unha tecnoloxía anti-vibración para evitar imaxes movidas. En definitiva: unha cámara que se pode establecer coma referencia no mercado durante os vindeiros meses, aínda que terá que competir duramente con dispositivos coma o móbil de Samsung, xa que os megapíxeles cada día acadan cantidades máis esaxeradas.



### Un accesorio permite incrementar a autonomía dos iPod ata as 55 horas

Os reprodutores multimedia teñen un importante problema de consumo enerxético que fai que o seu talón de Aquiles sexa claramente a súa autonomía, polo que a xente de iLuv lanzou un battery booster ou potenciador de batería, que podería incrementar a autonomía dos reprodutores iPod ata as 55 horas ou dos iPod nano ata 50 horas, axustándose perfectamente á base dos reprodutores para facer cómodo o seu uso. Os dispositivos teñen un prezo de venda duns 85 dólares, o que é o suficientemente reducido como para atraer ós clientes que se despracen a cotío escoitando música.

### Adaptan un emisor FM para a PSP

O iTrip, un dispositivo que permite converter os reprodutores iPod de Apple en emisores de radio FM de curto alcance (para, por exemplo, sintonizalos na emisora de radio do automóbil) vén de adaptarse para a consola PSP, de xeito que fai máis doado empregar o dispositivo portátil de Sony coma reprodutor multimedia versátil.

O iTrip para PSP intégrase coa forma da consola e véndese por 49,99 dólares.



# Vixíame a finca, dende o ceo

O achado de pegadas de meteoritos vía Google Earth sérvenos de escusa para afondar noutros descubrimentos “terricolas” que naceron en Internet



F.S.

Nun relato breve enviado ó enderezo electrónico deste que escribe, hai apenas unhas semanas, puiden ver, unha vez máis, o moito que está a influír a tecnoloxía na ficción. En realidade, non é estraño que así sexa, tendo en conta que xa apenas quedan escritores sen caderno persoal en Internet nin blogueiros que non soñen con publicar un libro coas mellores entradas na súa bitácora web. O caso é que o medio tecnolóxico inflúe máis ca calquera outro (máis có lenzo, máis cá follas, máis cá pedra de granito), como comprobei no devandito relato, publicado previamente en Internet: trata sobre un home afeccionado ós mapas virtuais, inseguro e violento, que decide poñer a proba a fidelidade da súa muller. Finalmente, nunha viaxe de negocios, descóbrense enganado logo de reconecer, vía Google Earth, o coche do seu amigo aparcado durante unha noite na súa casa da montaña. Toda esta introdución tan literaria non vén a conto porque a temática deste artigo sexan os ciúmes. O tema é outro, máis acorde con esta revista.



Na foto do crater hai que poñer: Google permitiu o achado dun crater en África

están a poñer ó noso dispor. Logo, xa totalmente crédulos, comezou a quenda das preguntas.

· Veremos algún día un sinal no millo dos extraterrestres?

· Atoparemos o contorno dun castro nunha leira comesta polo cascallo?

· Poderemos denunciar certas irregularidades urbanísticas en Galiza vía Google Earth?

· E, no caso de ser maridos ou esposas infieis con certos problemas de seguridade e autoestima, poderemos descubrir pequenas ou grandes traizóns na forma dun coche estraño aparcado durante dúas noites seguidas perante a casa da praia?

E claro, logo da credulidade tamén vén a envexa. Podémola rastrexar nesta pregunta: Teremos algunha vez a sorte do internauta español Emilio González, un afeccionado á astronomía que descubriu en África as pegadas deixadas por un meteorito que impactou contra a Terra hai millóns de anos?

Logo, seguimos afondando na ferida, perdón, na información. O caso é que os impactos en cuestión, a xeito de cráteres, están situados na fronteira entre Libia e Chad, xusto no medio do deserto do Sahara. Até agora non



Vía Internet tamén puidemos ver pegadas dunha batalla en Irak

se sabía da súa existencia, cousa que non deixa de sorprendernos tendo en conta a cantidade de itinerarios e exploracións que se teñen organizado (no primeiro no que pensamos foi no conde Almasy, o explorador húngaro ó que ós beduíns chamaban *O pai das areas* e que recentemente lle serviu de inspiración a Anthony Minghella para o filme *O paciente inglés*). Sexa como sexa, non haberá posibilidade de certificar se de verdade son cráteres provocados polo impacto dun cometa até que unha expedición os estude ben a pé de campo. Neste intre, días despois de que se dese a coñecer a nova, as probabilidades de que así sexa son dun 50%.

## Non é a primeira vez

Segundo nos recordan os compañeiros de Chuzá!, non é a primeira vez que se albiscan por Internet, vía Google Earth, cousas que non se verían cos pes postos sobre a terra e ollando cara ó horizonte. Nin tan sequera dende un avión. Por exemplo: o búnker e os túneles da casa da Fidel Castro, dos que puidemos atopar información en Noticiasdot e que consisten nunhas estruturas



O servizo tamén ofreceu dramáticas vistas da costa de Fisterra logo do desastre do Prestige

que conectan a residencia do comandante co aeroporto militar de Baracoa, habendo (supostamente) debaixo da casa unha pequena flota de automóviles. O achado, como é de supoñer, foi divulgado por xornalistas de medios radicados en Miami, onde precisamente non abundan as boas opinións sobre Castro.

Así e todo, non sempre as exploracións aéreas por estas ferramentas tecnolóxicas acaban en descubrimentos gloriosos. De feito, é posible que sexan máis salientables os itinerarios que poderíamos chamar “fallidos”,

*Shii's Rocky Middle Path*, onde puidemos ver este mesmo ano as fotos dunha batalla da guerra de Irak. As imaxes, que foron obtidas a través de Google Earth, datan de 2004. O barrio chiíta de Sadr City, no noreste da cidade de Bagdad, foi o escenario destes acontecementos. Nas fotos puidemos ver no seu día ós tanques de guerra M1A1 nas rúas da capital, xunto con camiións de combate. As tropas pertencían á 2ª Brigada do Primeiro Croto de Cabaleiría do exército dos Estados Unidos. Na contenda, morreron sete soldados norteamericanos. O feito de que se puidese apreciar vía Google Earth fixo que altos mandos do exército daquel país protestasen contra o que consideraban unha “grave violación da seguridade”.

Vémolo en <http://shii.wordpress.com/2006/05/07/showdown-at-google-gulch/>

O helicóptero accidentado de Rajoy tamén se puído apreciar vía Google Earth. Foi grazas a un internauta que procuraba “Móstoles” no servizo de mapas do buscador. Malia que ó principio houbo certas dúbidas sobre se se trababa realmente do mesmo helicóptero, o Concello de Móstoles pareceu darlle finalmente a razón a Google.

Vémolo en <http://www.20minutos.es/noticia/112687/0/Google/muestra/helicoptero/>



Google Earth tamén serviu para ver o helicóptero de Rajoy dende o ceo

Igualmente interesantes \_seguro que máis\_, son as imaxes que puidemos ver na web galega Ecotono.net, onde se ofreceron hai pouco diferentes perspectivas da zona de Fisterra logo do desastre do Prestige. Nas fotografías pódense apreciar nidiamente os estragos da negrura do fuel no contorno da costa. Por certo que os responsables desta web convidan á comunidade internauta galega ó emprego desta “potente e fermosa ferramenta de Google, que nos permite ter una consciencia máis objectiva da nosa morada”. Se cadra, habería que engadir que contribúe tamén a coñecer de primeira man as motivacións e intereses dese ser tan estraño e desconcertante chamado “ser humano”.



# Bitacoreiros, así somos

## O Observatorio para a Cibersociedade pon en rede a primeira entrega da *Enquisa a Blogueiros Galegos*

### REDACCIÓN

Como é o blogueiro que escribe en galego? Cara a onde vai? De onde vén? É diferente do catalán ou o andaluz? A que estímulos responde e a cales fica indiferente? Algunhas destas preguntas, e outras que se poden facer na mesma liña, non teñen resposta nin a terán nunca, pero unha boa parte si, tal e como nos fixo saber o compañeiro Fernando Garrido na pasada edición de EnBlogs06, o congreso bitacoreiro galego no que Garrido fixo unha serie de bosquejos do que podería chamarse o “retrato robot dos habitantes do blogomillo”. Agora, é el mesmo novamente, o que nos avisa de que está dispoñible o primeiro informe ó completo na páxina web do Observatorio para a Cibersociedade, que é o organismo responsable destas enquisas, en colaboración con Netquest.

O obxectivo deste estudo foi o de realizar unha aproximación ou tanteo á realidade dos residentes do *blogomillo*, pero é abondo completo para tirar un bo feixe de conclusións. Nós, que non somos mellores nin peores ca outros á hora de tirar conclusións, decidimos ler de arriba a abaixo e de esquerda á dereita o devandito



<http://www.flickr.com/photos/usedcarspecialist/155590776/>

informe, no obxectivo de coñecer un pouco máis dos gustos, tendencias, ideoloxías e soños dos internautas galegos. No fondo de todo, malia que non o sabíamos, o que procurabamos era coñecernos un pouco máis a nós mesmos. A fin de contas, nada mellor que deixar que sexan os demais os que che describan, e a poder ser con certa perspectiva.

Os traballos da primeira edición desta *Enquisa a Blogueiros Galegos* comezaron en febreiro e a base da investigación foron cuestionarios accesibles dende múltiples webs, divulgados a través de campañas na Web de *marketing* viral (esa promoción que se propaga en andazos, coma a gripe). Preto de 3.000 persoas participaron na enquisa.

### Perfil do bitacoreiro

Unha das conclusións que máis nos gusta deste estudo é a seguinte: o *blogger* galego pode ser calquera. Podo ser eu, ti ou o de máis alá. É dicir: non hai grandes elementos identificables, nin tampouco existen razóns para pensar que os habitantes do *blogomillo* non forman parten da sociedade. Non son marxinais nin constitúen unha “banda” aparte.

### Xénero (máis “eles” ca “elas”)

Neste punto hai moitas semellanzas co caso de Estados Unidos. Dito doutro xeito: o 60% das persoas que en Galiza teñen blog, son homes. Neste senso e sen que exerza de precedente, o feito de ter semellanzas cos Estados Unidos non parece ser un elemento negativo, posto que a diferenza de xéneros é menor naquel país ca en España enteira. No caso do blogosfera de todo o Estado, a distinción por sexos sube a unha porcentaxe do 12 % (ou sexa, que é máis atenuada en

Galiza). O estudo achega todo tipo de datos no que se refire a aquilo que distingue ás blogueiras dos blogueiros. Trátase de diferenzas de forma (por exemplo: os homes teñen máis experiencia na Rede e, en consecuencia, adoitan a mercar máis por Internet) pero tamén de contido, e probablemente sexan estas últimas as máis interesantes. Podemos velas ben no tipo de bitácoras que len ámbolos



<http://www.flickr.com/photos/wiredwitch/149284042/>

xéneros, que están máis ou menos igualados unicamente no que se refire ás de ficción. Mais aí, xusto nese punto, rematan as semellanzas. As mulleres len máis cóos homes diarios persoais (71,2%). Os homes superan ás mulleres na modalidade “persoal/opinión” cun 74,2% e en tódalas categorías relacionadas coa tecnoloxía.

### Idade

Dicía un bitacoreiro de certa idade que o feito de ter un caderno persoal na Rede, dende o que dialogaba e compartía ideas e coñecementos, lle facía sentir especialmente novo. Non se pode negar, polo tanto, o elemento rexuvenecedor da blogosfera. A fin de contas, neste proceso renovador é posible que teña algo que ver o feito de que unha gran maioría de *bloggers* en Galiza sexan mozos e mozas: tan só un 25,4% deles supera os 30 anos, (porcentaxe que en Estados Unidos vai alén do 50%). Polo tanto, e volvemos ó principio deste parágrafo, o que sentía aquel blogueiro de idade é probable que teña moito que ver con esa sensación de que o tempo corre marcha atrás que se experimenta cando se levan a cabo a cabo actividades con xente nova. A franxa de idade que vai dos 20 ós 24 anos é, segundo este estudo, a que obtén a meirande

representación (o que non deixa de ter a súa lóxica, tendo en conta que Internet entra nas casas a través dos máis novos, e son eles os que mellor se manexan no eido tecnolóxico). Por certo, que na investigación ponse de manifesto que nas xeracións máis novas hai máis porcentaxe de mulleres con caderno persoal (55%), diferenza que cambia de rumbo se pasamos a falar dos maiores de 24 anos (un 74% son homes). Onde máis se intensifican estas distincións é nas franxas de idade dos maiores de 40 anos, onde se chegan a porcentaxes do 94%.

### Estudos

O nivel de estudos é un factor importante á hora de cuantificar un emprego máis avanzado das ferramentas da Rede. É dicir, a medida que nos achegamos a blogueiros con estudos superiores atoparemos máis porcentaxe de compras en liña ou máis uso de tecnoloxías como o Technorati (esta é empregada por un 10% das

persoas con estudos superiores, fronte ó 4% do grupo con estudos inferiores). Por contidos, é significativo dicir que hai grandes diferenzas en temáticas como “xornalismo” (40% *versus* 25%) ou ficción (36% *versus* 25%). Nos fotologs é onde maior porcentaxe atopamos de *bloggers* con menor nivel de estudos. Sexa como sexa, estas son as estatísticas: ESO 10%, FP 7%, bacharelato 23%, diplomatura 11%, licenciatura 24% e posgrao ou doutorado, 9%.

### Ocupación

Segundo apunta a enquisa do Observatorio para a Cibersociedade, hai dous grupos ben definidos neste punto. Por unha banda os estudantes e, pola outra, os traballadores. En combinación con outros factores ou criterios, teríamos os seguintes datos:

- O 41% dos estudantes *bloggers* son homes
- O 74% dos traballadores *bloggers* son homes
- Os traballadores son os que empregan máis tempo ó día ó seu caderno persoal e, así, un 43% deles lle dedican máis dunha hora ó día, fronte a un 17% dos estudantes.
- Os fotologs son os máis lidos polos estudantes (43%) e os de xornalismo (41%) son os máis visitados polos traballadores.



<http://www.flickr.com/photos/douglasn/156394752/>





<http://www.flickr.com/photos/calixto8/47799475/>

### Blogueiros e a Rede

En Galiza os blogueiros que participaron nesta enquisa tiveron a sorte de ter bos accesos á Rede (non acontece o mesmo con moita xente desta Galiza dispersa poboacionalmente na que vivimos e que non atopa xeito de ter unha conexión aceptable). Sexa como sexa, case un 80% dos blogueiros teñen un acceso de banda ampla, fronte a un 8,3% que se conecta vía a Rede Telefónica Básica. O estudo tamén arroxa este dato de interese: os blogueiros galegos son internautas avanzados. Case poderíamos dicir que moitos deles son vellos dinosauros da tecnoloxía, e que foron testemuñas das subidas, baixadas e estoupidos acontecidos no universo da Sociedade da Información. Son sobreviventes, e chegan agora á era do Web 2.0 con forzas renovadas. Unha porcentaxe superior ó 60% leva máis de cinco anos na Rede. Por outra banda, só un 3,4% dos bitacoreiros conta con menos dun ano de experiencia en Internet. O que si que poderíamos denominar de “novo” é o fenómeno do *blogomillo*, unha “cousa tecnolóxica” emerxente que promete máis sorpresas das que ten deparado xa. Así, máis da metade dos blogueiros non levan un ano co seu caderno persoal activo. Un 13,4% ten máis de dous anos de experiencia.

### O número de blogs que se len

Segundo o estudo do Observatorio para a Cibersociedade, non somos tan lectores compulsivos de blogs alleos como criamos. Así, só un 11,4% dos bitacoreiros asegura ler máis de 20 en galego de xeito diario e un 22% sostén ler máis de 20, en galego, castelán ou inglés. Sexa como sexa, os blogueiros galegos len máis en galego ca en calquera outra lingua, malia que o castelán adquire elevadas porcentaxes.

### As temáticas (Código Cero perde)

En Galiza, fóra de toda dúbida, o que máis nos gusta é a temática persoal. É dicir, que a nosa tendencia é a de escoitar unha voz concreta entre moitas, onde

se opine de xeito aberto e se abran portas á comunicación, á reflexión e ó debate. Así de sinxelo. Ou iso é o que se desprende do feito de que un 70% dos bitacoreiros admita ler blogs de opinión persoal, e unha porcentaxe semellante lea diarios en formato blog. Os fotologs e blogs de temática xornalística acadan resultados semellantes, cun 32%. Polo que respecta ós de temática tecnolóxica dicir que son os menos interesantes para os habitantes do *blogomillo* (nota: en que lugar deixa este dato á web [www.codigocero.com/](http://www.codigocero.com/)).

### Onde se escribe, cando se escribe

Os blogueiros galegos non son aves nocturnas. A gran maioría deles escriben nas súas bitácoras indistintamente, a calquera hora, aínda que si que se rexistra unha porcentaxe interesante de persoas que prefiren a noite. Sexa como sexa, a taxa non é tan elevada como para cualificarnos de “bitacoreiros noitarenos”. O que si que é significativo é o feito de que a gran maioría prefira a casa propia para facer entradas no blog e para ler os dos demais: arredor do 80%. A moita distancia figura



<http://www.flickr.com/photos/summer-travis/140230729/>

o lugar do traballo e o centro de estudos. O *ciber*, en contra do que se podería pensar, apenas é significativo (será porque unha boa parte deles teñen computadores-pataca?)

### O que nos move (a liberdade)

Os blogs son, dalgunha maneira, expresión de liberdade. Dicir que os bitacoreiros do país son espíritos libres se cadra sexa unha esaxeración, pero o que está claro, tendo en conta as súas motivacións expresadas, que é o que lles gustaría ser. A fin de contas, no caderno persoal de cada quen non debería haber censura, nin liña editorial, nin intereses políticos ou comerciais


que renderse. Arredor do 57% dos enquisados asegura que escribir no seu blog representa a posibilidade de expresarse libremente. Tamén cobran certa importancia motivacións como o feito de ter un sitio onde hai creación literaria (43%), onde se comparte coñecemento (41%) e onde se afonda en temas que interesan (34%). A nós gústanos especialmente a seguinte motivación, que atinxe máis ou menos a un terzo dos enquisados: ler e escribir no *blogomillo* é un vieiro de fuxida, un certo desafogo. Entra aí en xogo o factor “evasión”. Hai quen ten a foto dunha illa virxe do Pacífico apegada na porta da neveira e hai quen se pon na pel, vía a blogosfera, na vida de persoas que están lonxe pero que escriben de cousas próximas e que se entenden.

Volvendo ós datos da enquisa, é moi salientable ver o que acontece nos postos baixos do *ranking* de motivacións, onde aparecen con mínimas porcentaxes argumentos como “*amosar os meus coñecementos*” (5,4%), “*estar á última en Internet*” (3,3%) ou “*estar á moda*” (0,6%). A non ser

que tódolos enquisados oculten os seus auténticos devezos, non semella polo tanto que o *blogomillo* sexa unha leira de frivolidade.

### O blogomillo, preferentemente virtual por favor

Encabezamos así este parágrafo, con este título tan particular por unha boa razón, ou alomenos por unha razón moderadamente boa: os *bloggers* galegos están integrados no virtual pero non tanto no real. Isto, se cadra, ten que ver co feito de que estamos a falar dun fenómeno relativamente novo para nós, e aínda non houbo tempo para que moitos nos coñeceramos en persoa.



<http://www.flickr.com/photos/penumbral/154731298/>

Tamén pode incidir (estas son conclusións que sacamos nós, non son atribuíbles á enquisa) o factor “dispersión”. Sexa como sexa, só un 11,4% dos bitacoreiros participou alomenos nunha vez nunha *quedada* ou reunión. Ademais, unha porcentaxe do 82% manifestou ter coñecido a menos de cinco persoas dende o intre exacto en que se iniciou nos *misterios* do universo blog. Porén, o número de contactos medra levemente se acudimos ás listaxes dos servizos *messenger*. Así, o 60% asegura ter menos de cinco blogueiros no seu programa de mensaxeiría instantánea.

### Mellor “Galiza”

A blogosfera galega ten características propias de seu que, loxicamente, non teñen outras comunidades de usuarios da Web, como por exemplo a castelá. En primeiro lugar, aquí xogamos con dúas linguas, aínda que neste caso que nos ocupa os enquisados fosen *bloggers* que escribiron (moito ou pouco) en galego. Deste xeito, unha elevada porcentaxe deles emprega en exclusiva o galego como lingua única á hora de redactar no seu caderno (o 74%). Por outra banda, só un 14% dos enquisados asegura ter un 25% do seu blog no seu idioma. Segundo indica o estudo do Observatorio, estes datos son a proba de que o *blogomillo* é un espazo homoxéneo no que se refire á lingua. Ademais, a normativa oficial que a Xunta aprobou recentemente é a máis empregada. Por último, un 60% dos enquisados prefere o termo “Galiza” fronte a “Galicia”.

Para máis información, cómpre visitar [www.cibersociedad.net](http://www.cibersociedad.net)



<http://www.flickr.com/photos/pandemia/156342355/>

# Blogoprimavera (case verán)

O camiño que o internauta segue polo blogomillo e a blogosfera enteira deixa sinais, pegadas e até cicatrices... aquí tendes unha nova mostra

FERNANDO SARASQUETE/  
RAQUEL NOYA



**O albume virtual da memoria histórica de Red.es recibiu 1.000 imaxes en 24 horas**  
<http://tupuebloeninternet.telecentros.es>

De entre tódalas medidas postas en marcha polas administracións para explicarlles ás persoas que nunca empregaron Internet en que consiste Internet, a do fotoblog de Telecentros foi unha das máis interesantes, se cadra unha das poucas que deu no cravo. Cal podería ser a mellor maneira de atraer ás persoas maiores dunha vila a un centro de conexión á Rede? Convidalas a vir coas fotos de cando eran mozos e mozas e de cando as súas vilas aínda non sucumbiran baixo a especulación urbanística, co fin de pendurar todo ese material nun blog accesible dende calquera parte do mundo... certamente, non parece unha mala medida. Niso consistiu esta iniciativa de Red.es, posta en marcha con motivo do Día de Internet, e na que participaron dous telecentros galegos: o de Parga/Guitiriz (Lugo) e o de Pereiro de Aguiar (Ourense).

O obxectivo do proxecto foi dobre: por unha banda quería divulgarse a Rede, mais sen poñer as vacas detrás do carro, porque, de que serve tratar de divulgar a Rede se non se expoñen exemplos prácticos de para que serve?. Pola outra, é unha iniciativa orientada a recuperar a memoria histórica das vilas, sendo trece as participantes. Segundo datos de Red.es, en 24 horas (as do 17 de maio) os fotoblogs recibiron preto de 1.000 fotografías. A xuízo desta entidade pública empresarial, o proxecto tamén serve e servirá (durante os días que fiquen activa

a bitácora colectiva e visual) para poñer en contacto ós veciños que se quedaron nas diferentes vilas con todos aqueles que tiveron que marchar. Sexa como sexa, o que máis abonda na web \_alomenos no caso galego\_ son as imaxes antigas das rúas e das leiras, case todas elas en branco e negro e sepia, reveladas nos tempos en que o automóbil sucaba a avenida principal cada oito horas.

**Falando de certos heroes que nos tivera gustado que fosen galegos**  
<http://www.blogoteca.com/sobrefilloasmel/index.php>

Vemos a Evo Morales, presidente de Bolivia, nos medios de comunicación, con motivo da súa visita oficial a España, e preguntámonos: que clase de vida levará este home no seu país agora que é presidente? Retíralle o saúdo ós vellos amigos? Deixará de frecuentar os bares onde compartía proxectos revolucionarios e calquera das bebidas típicas bolivianas ás que sexa afeccionado? (non o vemos nós tomando unha Coca Cola, non). Nun dos novos blogs galegos máis activos dos últimos meses (*Sobre filloas, mel*) atopamos a resposta a estas incógnitas. Evo Morales segue a vivir nun apartamento cun dormitorio de seis metros cadrados que só conta cun televisor, un portátil, un ropeiro, unha cadeira e algúns pósters da loita revolucionaria (somos quen de imaxinalo dando voltas na cama na súa residencia presidencial os primeiros días de mandato, devecendo por volver ó seu apartamento, ó que por certo semella que si que volveu, polo menos varios días á semana). O blog das *filloas e a mel* parécenos un blog a seguir, e nos tería parecido aínda máis de todo imprescindible se o artigo de Morales fose de colleita propia (bebe de El Mundo). Máis é igual. Non importa. Gústanos ver esa homenaxe ó gran Vinicius de Moraes, o poeta e músico brasileiro que sentou os alicerces da *bossa nova* e a quen recentemente puidemos ver nun concerto lexendario, apurando copas de whisky entre canción e canción. “¿Quem pagará o enterro e as flores se eu me morrer de amores?” Así, con ese verso, é como se sentan os fundamentos do mito.



**As rendas de Internet, controladas por un único país... cal poderá ser?**  
<http://madeiradeuz.blogspot.com/>

*Madeira de Uz* recordounos os días pasados unha preocupante



verdade que, non se sabe moi ben por que, non semella axitar a nosa carraxe tanto como sería de agardar e cae no lume coma leña mollada, sen prender. Trátase do dominio que exerce un único país, os Estados Unidos, en Internet. Como é posible, pregúntase o *blogueiro de Uz*, que sendo como son as redes un factor esencial para o progreso das liberdades e a divulgación do coñecemento non pertencen a tódolos países senón a un só? Como pode ser que a ICANN, a Corporación de Internet para a Asignación de Nomes e de Números, sexa un órgano que depende das influencias e pareceres dos colectivos máis conservadores do país norteamericano? A utopía da democratización da información sería, polo tanto, máis utopía ca nunca, tendo en conta \_recórdasenos en *Madeira de Uz*\_ que foi o sector máis posicionado na dereita dos Estados Unidos o que finalmente premeu para que a ICANN non recoñecese a posibilidade de crear un dominio específico, o .xxx, para as webs con contidos pornográficos. E isto que aconteceu co .xxx é un só un exemplo do que puído e do que poderá pasar. O artigo en cuestión é un deses artigos que remata en campo aberto, ou coma un carreiro que devén en autoestrada. Dito doutro xeito máis sinxelo: abre portas para o debate. Onde debería radicarse o organismo que controlase Internet? Debería ser un brazo da ONU? Ou, pola contra, tería que atoparse naquel país do mundo que en menor medida devese por ter o control de Internet?

Cambiando radicalmente de tema: non todo é reflexión social e temas de debate en *Madeira de Uz*. Foi neste blog onde se nos recordou a existencia en Internet do Frik Test, que se pode visitar en [www.FrikTest.net](http://www.FrikTest.net) e que serve para saber por medio dunha divertida e interesante enquisa que nivel de rareza acadamos no *ranking* de individuos singulares que habitan o mundo. *Madeira de Uz* acadou unha porcentaxe de case o 26%. O Frik Test leva anos en activo, pero é de visita obrigada para os novos internautas.

**O blog A Canción do Náufrago foi o xermolo da novela Spam, de Francisco Castro**  
<http://rioleteo.bitacoras.com/>

*A Canción do Náufrago* é o nome do caderno persoal de Francisco Castro, escritor galego á par que

internauta e que vén de gañar o Premio Blanco-Amor con *Spam*, unha novela que dá conta de Internet coma o último recurso dos solitarios e os tristes, e tamén dos grandes triunfadores que espertan admiración e envexas alá por onde van mais que non son quen de comunicarse e de chegar a alma de ninguén. Nesa liña, aínda que con certas diferenzas, é onde se move o protagonista de *Spam*, un director de empresa que desfruta especialmente facéndolle a vida imposible ós seus empregados e que conta só coa axuda do correo electrónico para estar en contacto co mundo (o seu único e fráxil fío invisible). O xermolo desta obra está no blog *A Canción do Náufrago*, feito que pon de manifesto o moito que a creación literaria está a beber do contexto tecnolóxico e a riqueza que supón para Internet que haxa milleiros de escritores con caderno persoal na Rede. A bitácora de Francisco Castro permitiunos le-las súas primeiras reaccións con motivo do premio, as súas opinións e as dos lectores, información á que, en definitiva, facilmente accederíamos senón fose grazas ós recursos da blogosfera.

“*Levitando... coma un lama no Tibet*”, así resume Castro o que se sente logo de ter recibido un dos máis prestixiosos premios literarios das nosas letras, senón o que máis. A novela premiada estará nas librarías logo do verán. Estaremos agardándoa, devecendo dobremente (por ser internautas e, tamén, por ser lectores) por tela nas mans.

**A música era outra cousa**  
<http://aregueifa.blogspot.com/>

A Regueifa, a plataforma galega dende a que se se difunden creacións baixo licenza Creative Commons, é como a canción que nos lembra que os tempos están cambiando: adeus ós días en que mercabamos unha novidade en CD por 20 euros e saímos da tenda con certa sensación de estar facendo o paspán (nota: lembro que o outro día un amigo chamoume por teléfono para falar-me, ilusionado, de que mercara vía importación un CD longamente perseguido por 36 euros, e precisaba contarlle a alguén, da ledicia que lle dera... a miña pregunta é: está xustificadamente chamado “paspán”?). O caso é que no blog da Regueifa deixámonos caer de cando en vez, e iso non nos fai sentir culpables, máis ben todo o contrario, xa que nos é moi útil para afondar na traxectoria





dos Samesugas, o grupo galego de *garage* e *psicobilly*, ou para descargar o primeiro e único EP do grupo Downtempo, pioneiro do *trip-hop* galego; ou para que se nos fale da venda en eBay do “disco máis galego de *Manu Chao*”, aquel que viña asinado por Los Carayos, en 1989. No blog da Regueifa tamén tivemos novas de Edilberto Alonso, músico galego afincado en Irlanda (Tipperary) que vén de dedicarlle a Anxo Quintana unha desas cancións que marca unha época e que vai camiño de converterse na nosa “canción do verán persoal”, aquela que nos emociona malia que nunca o recoñeceríamos perante ninguén. Por non amolar, nin sequera nos amola que repita tres veces seguidas “*abofé que si é*”.

**A palabra máis fea do galego e Lost in As Cies**  
<http://www.blogoteca.com/bolaextra/>

Facendo un repaso polo *blogomillo* atopámonos de cheo con *A Bola Extra*, un blog galego no que se diferencian varias categorías, dende música, cine, libros, televisión... até unha divertida sección denominada *Superviventes, perdidos nas Cies*, que parodia o coñecido *reality show* de Tele 5, con votacións para expulsar ós participantes, todos eles persoeros galegos de renome, e incluso con duras probas de supervivencia entre lixo e pequenos restos de chapapote; “*un grupo ó limite das súas posibilidades e nun paraíso en condicións extremas*”, pero que neste caso non se colle en ningunha canle máis que na nosa imaxinación, onde se emite a mellor programación habida e por haber. Tamén hai unha sección de receitas de cociña, redactadas con gran sentido do humor polo Chef Guevara con suxestivas propostas de presentación e até de xeitos de degustalas, incluíndo a compañía. Pero a sección por excelencia que máis nos chamou a atención foi a do concurso de elección da *palabra máis fea do galego*, unha iniciativa que animou ós visitantes a votar polas verbas que eles consideraban como feas, horrendas, feiñas, moderadamente feas... sexa como for, a palabra que resultou ganadora, foi “español”, pasando a ser, polo tanto, o peor do peor en palabras en galego. Tamén foron moi votados termos como “xove”,

que a “gorxa profunda” que lles fixo chegar a información de “Asteroid” era un empregado da propia multinacional. Non sería de estrañar, polo tanto, que na casa Apple se rexistrase os días pasados un ambiente de traballo máis enrarecido do normal, logo deste incidente

**Blogs que galeguizan o planeta**

<http://eueoseeu.blogspot.com/>  
<http://galegonosolnaciente.blogspot.com/>

O universo blog galego é se cadra máis interesante polos cadernos dos que están fóra ca polos daqueles que están dentro, sobre todo para os que nunca viaxan e sempre quedan. É dicir: moitos dos que podemos chamar “sedentarios” teñen un aquel de envexa polos que chamaremos “nómades”, e as bitácoras destes non fan máis que botar leña ó lume dos outros. Mais cómpre ver o lado positivo: o *blogomillo* enriquecese con todas esas notas e impresións ó pé do camiño. A blogosfera galega


“icona”, “deputación”, “rañar”, “campioa” ou “nembargantes”... pero quedaron moi lonxe dos 13 votos que recibiu a ganadora. Nun segundo lugar quedou “grazas”, ese termo nado no caloroso verán de 2003 da man da Real Academia Galega e que só empregan Gayoso e dous ou tres presentadores máis da TVG.



**Unha corte dos Estados Unidos defende o dereito dos blogueiros a protexer o anonimato das súas fontes**

Vémolo na axencia EFE: os blogueiros, segundo un tribunal dos Estados Unidos están baixo o amparo das mesmas leis que protexen ós xornalistas. Esta decisión provén dunha corte de apelacións de California, logo de que un colectivo de bitacoreiros acadise a ela ó verse forzados pola multinacional Apple a revelar a identidade dunha persoa que lles achegou información sobre o programa da empresa chamado “Asteroid”. Finalmente, o devandito tribunal deulle a razón ós blogueiros no que se refire ó dereito a manter no anonimato ás súas fontes de información. A sentenza, de 69 páxinas, sinala que os *bloggers* non teñen a obriga de revelar as súas fontes e poden acollerse ás leis que protexen ós xornalistas tradicionais, a Primeira Enmenda e a California’s Shield Law. Cómpre sinalar que, no eido internauta, sospítase

on the road permítenos, amais, galeguizar o mundo, velo todo a través dos ollos dos nosos veciños, viaxar con eles se fai falla. Toda esta introdución tan longa vén a conto para presentar dous blogs que van nesta liña. O primeiro deles chámase, non sabemos moi ben o porqué, Eueoseeu, e son



as impresións dun galego que está de paso nos Estados Unidos e quere dar conta desa circunstancia, “antes de que caduquen as novas tecnoloxías ou eu”, dinos o blogueiro. O seu itinerario polo leste dos Estados Unidos aparece detallado en breves e interesantes pílulas de información, como a que fai referencia á visita ó Mount Mitchell (o máis alto desa parte do país) ou ó lago Junaluska. Inclúense imaxes tomadas ó pé do camiño e reflexións sobre determinadas particularidades dos Estados Unidos, particularidades que os galegos, en ocasións, vemos como feitos dificilmente comprensibles. Un exemplo de todo isto é, por exemplo, a información contida nas instrucións de uso de obxectos de uso común. Vémolo, vía este blog, na folia de garantía dun colchón inchable finalmente estragado, onde se lle sinala que a empresa fabricante farase cargo de todo agás do que aconteza cos actos de Deus: inundacións, terremotos ou furacáns.

E o blogueiro preguntábase: que non fará o díaño? Un dos blogs de viaxe (ou de estancia no exterior) máis visitados polos integrantes do *blogomillo* é *Galego no sol nacente*, un caderno onde se recompilan as impresións dun mozo *curruñés* en Kyoto, incluíndose comentarios sobre as moitísimas cousas que fan diferente á cultura xaponesa de calquera outra, incluída por suposto a nosa. O que ten este blogueiro entre mans é, por así dicilo, un filón, e hai que recoñecer que sabe moi ben como tirarlle punta. Todo é narrable e todo é noticiable en Xapón para el, até aquilo que nas guías daquel país aparece cualificado como “insignificante”. É dicir: para os de Xapón non ten máis interese un váter con limpeza acuática incluída e papel hixiénico industrial, pero para nós si, e o noso blogueiro de *Galego no sol nacente* danos conta da experiencia con todo luxo de detalles. Logo resulta que tamén hai tempo para a festa e

para a visitas de tipo turístico e cultural, como a que fixo o *blogger* ó Castelo Negro do Corvo en Okayama, por poñer un exemplo. Trátase, en definitiva, dun blog exemplar, estupidamente escrito, tematicamente variado e con moitísima retransca.

**Falando co novo “cerebro” ca Encarta**  
<http://sonriemientrasuedas.blogspot.com>

Vémolo no blog *O Sorriso do Gato* de Juan Castro, un desenvolvemento de Microsoft sobre a súa enciclopedia Encarta que converte en robot o que até o de agora era unha recompilación virtual sobre o saber do home e unha ferramenta de consulta. Na bitácora en cuestión, para que se entenda ben de que vai o asunto, dáse conta polo miúdo da experiencia concreta do *webmaster* coa nova face de Encarta, aínda que o máis correcto sería dicir “o novo cerebro de Encarta”. Trátase dunha ferramenta tecnolóxica coa que se poden ter conversas a través do MSN Messenger (como converter en algo semellante a unha persoa a un desenvolvemento tecnolóxico co fin de que este non perda vixencia nesta era da renovación constante de tecnoloxía na que nos tocou vivir). Este servizo está dispoñible polo momento en inglés e segundo indica o bitacoreiro, está a anos luz do personaxe virtual máis aborrecido da historia da informática: o Clipo do Office. Para probalo, unicamente hai que engadir ó MSN Messenger o enderezo [encarta@conversagent.com](mailto:encarta@conversagent.com) e logo abrir paso a unha conversa. Por certo que a ferramenta atrevéase con todo tipo de preguntas sobre historia, xeografía, matemáticas ou ciencia en xeral. E, en aparencia, dá igual a dificultade da operación de cálculo que lle poñas diante: resólveo todo. E logo, xa no terreo do *persoal*, permítese a licenza de darlle consellos ó usuario se este \_por poñer un exemplo\_ confesa que bebeu (diche que non bebas, que tes que ser prudente). E, por saber, sabe moi ben cal é a nosa capital: Santiago. O novo “cerebro” de Encarta forma parte da nova estratexia Live de Microsoft para os servizos na Rede, da que temos falado anteriormente en Código Cero. Esta estratexia estase concretando, por exemplo, no novo MSN Messenger, que agora é o Windows Live Messenger e que, entre outras cousas, inclúe novidosas prestacións a xeito de robots intelixentes integrados dentro do programa de mensaxeiría. O robot de Encarta sitúase nesta liña. É un programa de software que achega información en tempo real de tódolos temas previamente definidos ou dos contidos da enciclopedia. Microsoft quere que os desenvolvedores de software participen no proxecto, achegando ideas para desenvolver novos robots. Podémolo ver na páxina web <http://www.robotinvaders.com>.





# Cara onde vai a Banca en materia de tecnoloxía?

*Con motivo da posta en marcha en cidades galegas de sistemas para recarga-las tarxetas do transporte público, facemos un repaso pola maridaxe actual entre tecnoloxía e servizos bancarios e falamos con Alejandro Lafarga, director xeral de De La Rue (empresa subministradora deses sistemas), quen nos falou de cara onde vai a tradicional relación (ou falta de relación) entre as persoas que están a unha beira e outra do mostrador das sucursais bancarias. É dicir: seguiremos a ter trato con persoas de carne e óso cada vez que imos a ingresar ou a sacar cartos? Cales son as principais ameazas de roubo a través da tecnoloxía?*



Alejandro Lafarga, director xeral de De La Rue, falounos dos diferentes tipos de fraudes que xorden ó abeiro da tecnoloxía

## REDACCIÓN

A tecnoloxía tende (ou debería tender) a facernos a vida máis doada. Tanto no fogar, coma no traballo ou incluso na rúa. Un exemplo disto é o que se está a facer en sistemas de pago dos billetes do transporte público. En lugares de Galiza como Lugo e A Coruña, esa operación faise coa Tarxeta Bono-Bus, posta en marcha polos Concellos das ditas cidades, Caixa Galicia, a Compañía Municipal de Autobuses da cidade amurallada e a Compañía de Tranvías da Coruña. O dispositivo en cuestión non sería moi diferente do que se emprega noutros currunchos do noso país, pero probablemente hai un detalle que o diferencia: a posibilidade de facer a recarga da tarxeta na rede de caixeiros da entidade financeira, co que se evitarían as transaccións directas co propio traballador da sucursal. Para habilitar estas infraestruturas, Caixa Galicia apostou polo Cash Star 5110, que é

un equipo de pequeno tamaño que vai encamiñado a automatizar os procesos dentro do posto de caixa. Neste intre, o dispositivo está na súa primeira fase de implantación, que consiste na posta en marcha da carga con efectivo da tarxeta moedeiro. A segunda fase está en desenvolvemento e baséase no pago de recibos con cartos en efectivo.

Co fin de facer as operacións de recarga máis doadas (porque diso se trata, para os que chegaron ata este punto do texto e aínda non se decataron: a tecnoloxía, sempre que non se amose o contrario, vai encamiñada a facer que nos esforcemos o menos posible), o sistema inclúe aceptador e reciclador de billetes, ten pantalla táctil e, grazas ó seu reducido tamaño pódese habilitar en calquera espazo: dentro ou fóra da oficina. A entidade Caixa Galicia prevé habilitar preto de cincuenta unidades destes recargadores.

Cómpre sinalar que a tecnoloxía Cash Star 5110 foi achegada polo Grupo De La Rue, especializada en procesos de automatización de procesos bancarios (de feito, case tódalas entidades financeiras que operan en España son clientes de De La Rue, e dos 40.000 caixeiros habilitados no Estado, máis de 1.500 foron deseñados por esta agrupación). Co fin de afondar un pouco máis no xenérico (a situación da Banca en España e Galiza e o seu nivel de automatización) a través do máis concreto (a recarga das tarxetas na Coruña e Lugo), botámoslle a Alejandro Lafarga, director xeral de De La Rue Cash Systems, unha serie de cuestións ó voo, vía Internet. Aquí reproducimos o que nos contestou.

**-Que é iso de que De La Rue está a comercializar que sexa realmente innovador? O servizo posto en marcha nas cidades galegas vai nesa liña?**

-O que ofertamos abrangue todo tipo de solucións para o manexo de efectivo, pero o noso forte son as solucións de dispensación e reciclado de cartos para o posto de caixa. Actualmente, a compañía pretende dar un xiro á banca tradicional cos seus clientes, e un dos retos para os vindeiros anos é espalla-la tecnoloxía ás sucursais máis pequenas. Para isto, apostamos por sucursais sen barreiras para a venda de produtos e servizos, polo que De la Rue ofrece contadoras de billetes e moedas, dispensadores e recicladores de efectivo, solucións de autoservizo como o caixeiro tradicional e outros especializados como os caixeiros cobradores de recibos ou os caixeiros recicladores. Unha das nosas meirandes innovacións foi, efectivamente, o Cobrador de recibos Cash Star 5510. Con esta solución as entidades financeiras poden suplir a tarefa do cobro de recibos do posto de caixa, co que minimizan o problema das longas ringleiras. O usuario final vese tamén beneficiado ó dispor dun servizo operativo durante máis tempo do habitual. Outra gran novidade é o Caixeiro Reciclador, que permite que os mesmos billetes que ingresa un cliente sexan dispensados ó seguinte. Con isto, o banco benefíciase ó ter un número menor de billetes inmovilizados dentro de cada caixeiro automático. Isto supón aforros significativos en transporte de efectivo.

**-Existe algunha diferenza entre o emprego que se lle dan a estas tarxetas tecnolóxicas de automatización en Galiza das que se lle dan**

**no resto de España?**

-Si, en Galiza as aplicacións do Cash Star 5110 céntranse só na chamada tarxeta moedeiro e, polo momento, é a única zona de España onde se emprega con tal fin. No resto das provincias, as funcións están máis enfocadas a operacións de cobro de recibos.

**-Podemos falar de seguridade total en tódalas ferramentas de automatización que vostedes están a pór en marcha? Están seguros os datos dos clientes?**

-No que respecta ás nosas solucións de manexo de efectivo, pódese falar de seguridade total. As ferramentas que temos implantado divídense en pasivas e activas. Dentro do grupo das pasivas, reforzamos a caixa forte para evita-los roubos polo sistema da forza bruta. Asemade, en cada serie de caixeiros modificamos lixeiramente a entrada do lector de tarxetas para dificultar que se poida engadir calquera dispositivo alleo. Nas activas, temos incorporado ós caixeiros novos lectores de tarxetas que son quen de detecta-los fraudes máis correntes e que inclúen solucións anti-phishing, que evitan o timo da *fitita libanesa* ou *falsa fenda* na máquina, e solucións anti-skimming, ou sistema que evita a copia de tarxetas de crédito. Asemade, presentamos un novo teclado seguro axeitado á normativa recente Visa de seguridade, que inclúe tecnoloxía intelixente de detección de fraude e un dispositivo anti-intrusión para evitar a alteración do dispositivo.

**-Segue vivo o fluxo de correos electrónicos nos que remitentes descoñecidos fanse pasar por traballadores de entidades bancarias co fin de que lles achegamos datos persoais e, deste xeito, quedarse cos nosos cartos. Falamos do phishing. Como afecta esta práctica á Banca e á súa credibilidade?**

-Na área de caixeiros, a principal preocupación das entidades bancarias ten que ver co roubo dos datos das tarxetas dos clientes (incluído o PIN), mediante o emprego de dispositivos que son incorporados ó caixeiro. Tamén o roubo mediante forza bruta segue a ser un problema. Os fraudes máis frecuentes en España son os da *fitita libanesa*, o *phishing* e o duplicado de tarxetas ou *skimming*, aínda que non hai que esquecer o uso da silicona nas bocas de saída de billetes, a colocación de caixeiros automáticos falsos en zonas de paso obrigado, etcétera.

**-En que consiste a fita libanesa?**

-O *lazo libanés* consiste en que os estafadores colocan o lazo, que adoita a ser de película de vídeo, para impedir a devolución de calquera tarxeta que se introduza. Deste xeito, a vítima, cando chega ó caixeiro para realizar calquera transacción, de seguido comproba que a tarxeta fica atrancada na fenda, e que non pode operar. Nese intre, aparece un dos estafadores, ofrecendo axuda. O argumento máis frecuente é que a el xa lle aconteceu noutras ocasións e que marcando de novo o número PIN seguido dos oito números da súa conta corrente, pode recuperar a tarxeta. Polo regular, a vítima teclea os números sen ter consciencia de que o estafador está a observar os datos introducidos. Noutros casos, convidaranos a chamar a un suposto número de atención ó cliente do noso banco, onde nos solucionarían o problema. Evidentemente, o número en cuestión será o de un dos seus cómplices.

**-E que acontece logo?**

-Que cando a persoa marcha do lugar, pensando en que a súa tarxeta quedou atorada no caixeiro, os estafadores cóllena para empregala en compras ou para extraer cartos do mesmo lugar, previa retirada do obxecto que obstrúe o caixeiro. Outro dos fraudes máis xeralizados é o *skimming* ou clonación de tarxetas sen que estas sexan subtraídas ó titular. O sistema consiste en colocar un lector de bandas magnéticas colocado na boca do lector do caixeiro automático. Unha pequena cámara de vídeo camuflada baixo un soporte de folletos ou semellante gravará o PIN. O usuario nin sequera se decata do fraude, e só revisar os movementos da súa conta a cotío evitaralle perdas meirandes. Os membros destas redes poden chegar a duplicar centos de tarxetas nun único día.

**-Tendo en conta que as novas tecnoloxías da información van encamiñadas (polo menos no teórico) a mellorar a nosa calidade de vida e facernos máis doados todo tipo de procesos, cre vostede que a banca española cumpre abondo con estas medidas de automatización? E a galega, que é a que nos ocupa nesta revista?**

-Se algo caracterizou ó sector da banca no eido da tecnoloxía foi a súa rapidez para implantar as novidades tecnolóxicas que lle axudaran a mellorar a súa produtividade. Nesta liña, os sistemas de informatización da banca española atópanse nun dos niveis máis altos da Unión Europea en canto a rendibilidade, eficacia e xestión do risco. España conta con máis de 38.000 oficinas bancarias, polo que é un dos países do contorno con menor índice de habitantes por sucursal, cun promedio de 1.052 usuarios por oficina. En Galiza, case a totalidade das oficinas están automatizadas dun xeito ou outro, con contadoras de billetes e moedas con detección de falsos, dispensadores de efectivo, caixeiros automáticos, etcétera. Todas estas solucións fan que aqueles procesos que non achegan ningún valor engadido á entidade se vexan optimizados en tempo e custo, o que redanda necesariamente nun mellor servizo para o cliente.

**-Cara a onde camiña a banca? É certo que cada vez será máis electrónica e menos presencial? Consátase a tendencia a que desapareza o trato directo co traballador da oficina? Como afectará iso, na súa opinión, ós postos de traballo da empresa?**

-Fóra de toda dúbida, o desenvolvemento tecnolóxico empurra á Banca a ser cada vez máis electrónica e menos presencial. A única incógnita é canto falta para iso. A tecnoloxía permíteo actualmente, pero as persoas son reticentes ó cambio e, por sorte, a relación persoal segue a ser moi importante. Neste contexto, as entidades financeiras investirán durante os vindeiros anos en dispositivos tecnolóxicos, tanto para os postos atendidos por un operador, como para postos de autoservizo. Até hai poucos anos, as solucións de automatización bancaria eran só dispensadoras, porén na actualidade as necesidades das sucursais comezan a requirir outras funcións. Valórase o emprego do caixeiro reciclador, que optimiza a xestión do efectivo aforrando tempo e custos de recargas do mesmo, xa que posibilita a dispensación e o ingreso con validación.



# Internet gai: marketing, loita e información “ambiental”

Visitamos un feixe de webs españolas e galegas de contido homosexual e damos conta da nosa viaxe (inclúense enderezos, louvanzas e críticas)



David Cantero

## CARLOS GULÍAS

Cada día son máis os homosexuais que acoden a Internet para compartí-los seus sentimentos e integrarse na crecente comunidade electrónica gai. Nas páxinas de chateo e nos diferentes grupos de discusión pódese comprobar o activo que é este colectivo en Internet, un medio ó que semella adaptarse á perfección. Hai pouco cheguei a escoitar que unha importante empresa de medición de audiencias e comportamentos na Rede chegara á conclusión de que o portal [www.gay.com](http://www.gay.com),

posiblemente o portal máis grande deste tipo, conta cos usuarios máis fieis da Rede e cuns hábitos de navegación máis exhaustivos cós doutras comunidades.

Pero non é só cuestión de *marketing*. A comunidade GLBT (gais, lesbianas, bisexuais e transexuais) emprega Internet para intercambiar información, realizar mobilizacións e loitar polo recoñecemento dos seus dereitos. Así, a Fundación Triángulo ([www.fundaciontriangulo.es](http://www.fundaciontriangulo.es)) colabora con Amnistía Internacional na convocatoria de accións urxentes e na defensa dos dereitos humanos que afectan a



estas persoas. Pola súa parte, a Colectivo de Lesbianas e Gais de Madrid ([www.cogam.com](http://www.cogam.com)) mantén, en colaboración coa Comisión Europea, páxinas con información sobre saúde pública e a seguridade no traballo.

A nivel galego, practicamente tódolos colectivos teñen páxina web propia (e en galego) con información sobre as súas actividades, campañas, iniciativas. Algúns dos espazos



D. C.

da Rede destas agrupacións tamén inclúen apuntes sobre o “ambiente” na súa área de cobertura, ademais de fotos dos integrantes e ligazóns. En canto a colectivos, as páxinas máis salientables son [www.geocities.com/gaicompos](http://www.geocities.com/gaicompos) e [www.legais.org](http://www.legais.org). E en canto a outro tipo de gustos dentro do mundo gai non podemos deixar pasar a oportunidade de visitar webs como [www.beargalicia.org](http://www.beargalicia.org) ou, xa dentro do portal de terra.es, o espazo de *galegosos*. Porén, a estética e navegabilidade destas páxinas web deixa moito que desexar, algo sorprendente abondo se temos en conta o concienciado que está o mundo gai co eido da imaxe.

Noutras enclaves do Estado como Catalunya, as páxinas web son moi superiores ás galegas tanto en deseño como en contido. Por exemplo, [www.barcelonagay.com](http://www.barcelonagay.com) ou [www.gaybarcelona.net](http://www.gaybarcelona.net) inclúen noticias, reportaxes, entrevistas e espectáculos, así como publicidade de establecementos

**A práctica totalidade das páxinas webs que comentei anteriormente están asolagadas, coma se dun virus se tratase, de sexo explícito. A primeira idea que me vén á cabeza é que moitos dos propietarios destes espazos consideran que os gays son unha especie de “adictos ó sexo” e que son bos consumidores dos seus produtos derivados, tales como subscricións a revistas, obxectos sexuais, cuartos escuros, etc.**



D. C.

vencellados ou que poden sacarlle partido ó peto gai.

A nivel español en xeral, un dos portais máis completos en castelán atreveríame a dicir que é [www.chueca.com](http://www.chueca.com), que obtén o seu nome do popular barrio gai de Madrid. Este sitio web inclúe dende unha emisora en Internet \_Radio Chueca, *Otra forma de entender la radio*\_, até un medio de información propio, a Axencia Gai de Noticias, un proxecto nado para xestionar a información que chega das principais organizacións e entidades de eido gai elésbico.

## Adictos ó sexo?

A práctica totalidade das páxinas webs que comentei anteriormente están asolagadas, coma se dun virus se tratase, de sexo explícito. A primeira idea que me vén á cabeza é que moitos dos propietarios destes espazos consideran que os gays son unha especie de “adictos ó sexo” e que son bos consumidores dos seus



D. C.

produtos derivados, tales como subscricións a revistas, obxectos sexuais, cuartos escuros, etc.

Non hai dúbida de que moitos empresarios ven con bos ollos a práctica de sobrecargar as webs gays de pornografía e erotismo. De seguro, ten que ser un bo negocio. Logo de dar unha volta por varias das webs comentadas, é probable que moitos dos internautas acabados de chegar a estes servizos pensen que os gays só buscan pornografía, unha idea esta con moito peso na sociedade actual que considera que todo gai debe de xeito que raia coa obsesión por ter sexo a cada intre e con calquera individuo que pase polo seu camiño

Dende logo, non é a miña intención debater se é axeitada esta saturación de pornografía gai en Internet. O que pretendo é reflexionar sobre como a través de certos enunciados do século XIX creouse toda unha millonaria industria empregando, astutamente, a represión social dos glbt, os mitos e medias verdades que existían\_e que aínda hoxe existen\_ arredor da cuestión do sexo; e todo isto coa finalidade de xustificar unha suposta necesidade de satisfacer ós gays no seu “normal súper apetito sexual tan difícil de conter”.



# "Máis que sobrevivir, resistimos"

**Visitamos ós compañeiros de Vieiros, con motivo do seu décimo aniversario, para que nos falasen do pasado, o presente e o futuro dun medio que segue a amosar que ofrecer información en galego e en Internet... é posible**

Vieiros cumpre 10 anos e nós, que chamamos á súa porta para que nos conten como se senten, vémonos coma eses bosquexos de amigos que só se acordan dos demais cando reciben algún recoñecemento, ou cando saen na tele (que é peor).

Pero chamamos á súa porta, de tódolos xeitos, posto que paga a pena facelo, saber o que opinan e pensan os xornalistas dun medio de comunicación "resistente", un xornal en liña que foi testemuña de moitos cambios, moitas renuncias (webs semellantes que quedaron no camiño), estouridos dixitais e incertidumes. Vieiros naceu nos tempos en que arribar na Internet era como descubrir un continente: querías chegar ás Indias e resulta que alguén puxo a América no medio. Para non liar máis estes fíos, dicir que Vieiros foise facendo sen manual, igual cá Rede enteira. Este espírito "pioneiro" é, de feito, o que máis nos intimida xusto antes de tocar cos cotelos na súa porta. Imos cunha serie de preguntas sobre o pasado e o seu futuro e é certo que nos parecen tópicos, pero tamén inevitables.

Lois Rodríguez, editor deste medio en liña, e María Yáñez, a directora, son os que finalmente responden ás nosas cuestións. Falar con Lois é falar da historia dos medios dixitais en Galiza. Semella estar convencido de que o xornalismo tradicional no noso país, en papel e en castelán, ten os días contados. Define á web Vieiros como "medio resistente" e, cando ten que valorar aquilo do que máis orgulloso se sente como editor, confesa que é o feito de ter amosado, logo dunha década de esforzo, que era posible informar nas redes en galego. Ou sexa: levarlle a contraria a tódolos que sostiñan que o inglés ía ser o idioma único. María Yáñez (directora de Vieiros e, a maiores, blogueira en Todo Nada), pola súa parte, fálanos dunha das cousas que lle toca máis de preto: a blogosfera. O valor que ten como elemento liberador da información. Agora xa non só escriben uns cantos privilexiados. Agora comunicamos todos.

## REDACCIÓN

**-Cumprides dez anos informando dende Internet.**

**Hoxe todo o mundo entende que se pode e se debe informar dende as redes, pero daquela... daquela como estabades nas apostas? Contabades con chegar tan lonxe?**

-(Lois Rodríguez) Pois, sinceramente, non sei se era cuestión de chegar lonxe ou non. O que está claro é que Internet, para nós, foi un frechazo. Vímolos coma un medio de comunicación social, tendo en conta as novas que nos estaban a chegar dende Estados Unidos. A chave do asunto foi esta: como facer un medio de comunicación que non fose tan custoso coma montar unha radio ou unha televisión? Así que optamos por Internet. Sexa como sexa, ó final decátaste de que os medios en liña tamén son caros.

**-Contaba a xente con que chegarades tan lonxe?**

-(L. R.) Non temos moí claro este punto. Nós críamos que un medio en liña podía ser importante para Galiza, posto que os nosos lectores potenciais estaban aquí pero tamén estaban fóra, espallados polo mundo. Cando comezamos, case chegamos a ter máis visitas dende o exterior. De Estados Unidos, do Centro de Europa. Tivemos a unha muller que nos lía a cotío dende unha universidade de Israel.

**-Como vos abríades camiño daquela, estando Internet aínda por facerse?**

-(L. R.) Ollábamos moito cara os Estados Unidos, o que se facía por alí. Tamén puxemos moito da nosa parte, da nosa intuición. Durante moito tempo fomos referente en Galiza, pero tamén no Estado. Eu vin en moitos medios de por aquí formatos e esquemas que nós probáramos antes. Experimentamos moito cos titulares cortiños, os que non crebaban as palabras, era a nosa teima comunicar así, e o certo é que era traballoso facelo desa maneira. Hai que pensar que agora todo está feito, pero daquela... Daquela todo se estaba a inventar pola marcha.

**-Pero, e volvemos a unha pregunta de máis arriba, contábades de verdade con chegar tan lonxe?**



María Yáñez, directora do xornal galego en liña e unha das principais voces blogueiras de Galiza en Todo nada



Lois Rodríguez, editor de Vieiros

-(L. R.) Creo que nunca chegamos a pensar seriamente niso, en se íamos chegar lonxe ou preto. Non sabíamos cal ía ser o futuro, malia que eu estaba convencido de que a Rede chegaría a popularizarse cedo. Así e todo, non fun quen de prever a revolución de hoxe, coa blogosfera e os medios en liña. Chegamos a ser un pouco como evanxelizadores da Web. Tanto entre os lectores como entre as institucións.

**-Vos considerades sobreviventes de algo? É certo que cando xurdíchedes había máis xornais galegos na mesma liña có voso e que foron quedando polo camiño? Cales, por exemplo?**

-(L. R.) Somos resistentes... de algo. Máis ca sobreviventes. Non é nada negativo, ser un resistente en Internet, con tódolos ciclos que houbo, as subidas e as baixadas, pasar a burbulla e chegar até 2005 e 2006, cando a Rede está de novo nun intre álxido. Isto é de resistentes. Respecto á túa segunda e terceira pregunta, eu creo recordar que cando xurdimos só había en todo Estado unha iniciativa semellante, e eran os cataláns de Vilaweb. Eran coma nós, pero na súa lingua. Comezaron case canda nós, a facer probas alá polo verán do 95. Daquela facíanse chamar Infopista. En Galiza non había nada, claro. Estaba El Correo Gallego metendo novas nun servidor de La Rioja, mais iso non era un xornal electrónico. Logo foron aparecendo outros medios semellantes que foron quedando polo camiño. Así que se me veñan a cabeza, lémbrome de Ulo ou experimentos coma Fiestras, que pasou sen moita repercusión. O certo é que foi difícil aturar. Vieiros, aínda agora, non é rendible e segue a dar perdas. Pero houbo tempos duros.

**-O feito de que un proxecto coma este cumpra dez anos pódese ver como unha boa oportunidade para ollar cara a atrás e facer reconto de todo o acontecido. Cal é, en poucas palabras, a vosa colleita, aquilo do que vos sentides de verdade orgullosos?**

-(L. R.) Eu estou moi orgulloso de recibir recoñecementos polo noso labor de normalización lingüística e de divulgación tecnolóxica, mais, sobre todo, estou satisfeito de ter contribuído a amosar que era posible facer un medio de comunicación nas redes en galego. Ten en conta que che estou a falar dun ano, o 95, no que todo o mundo que estaba metido nisto da tecnoloxía estaba convencido de que o inglés ía ser a lingua única de Internet. Pero nós apostamos por outro camiño, o mesmo que empregan outros para contribuír á conservación de culturas pequenas no medio deste proceso globalizador. Logo, tamén estamos orgullosos de ter traballado con xente interesante de todo o mundo, non só colaboradores de raizame galega senón tamén doutras culturas. En 2000 déronos o Premio Vieira os emigrantes de Madrid porque crían que estabamos a contribuír a estreitar o diálogo entre os galegos de aquí e os da diáspora.

**-Isto de estar de superar a década de vida tamén se pode ver, da mesma maneira, como unha xanela ó futuro. Que "vieiros" vai seguir Vieiros? Que proxectos tendes na axenda?**

-(L. R.) Queremos medrar. Queremos máis xente traballando con nós, máis profesionalización. Cremos que os diarios van ser dixitais, que os de papel tradicional teñen os días contados. O papel dixital será o futuro. Queremos ser un diario electrónico con cada vez máis influencia no público, arriscando incluso máis a nivel de formatos e de información, buscando nichos de mercado e tentando incorporar tecnoloxías ó quefacer informativo.

**-Como por exemplo?**

-(L. R.) Como o que fixemos en Xuventude Galiza Net. Decidimos cubrir este encontro facendo algún tipo experimento, así que incluímos arquivos de vídeo, actualizados de xeito constante. Encantounos, e vimos que a xente tamén lle gustaba. Ese pode ser un dos "vieiros" posibles, no que se refire a achegar novas no futuro dende a nosa web.





Lois Rodríguez e Isaac Día Pardo, na redacción de Vieiros

**-Os días pasados, en Santiago, falouse moito de bitácoras, concretamente na sé do Consello da Cultura Galega, no encontro luso-galego EnBlogs'06. Cal é a vosa opinión sobre este fenómeno bitacoreiro do que tanto se está a falar?**

-(María Yáñez) O fenómeno dos blogs multiplica o número de voces e os temas a tratar. Amais, posibilita que sexa agora a xente nova a que xere os contidos na nosa lingua, contidos que antes estaban vencellados ó institucional ou ó oficial. Vemos así que había unha cantidade de xente que devecía por expresarse.

**-Credes que os blogs poden mellorar á sociedade?**

-(M. Y.) Evidentemente. Coa democratización da información ábrese as portas a un fenómeno só comparable ó desenvolvemento da imprenta, instrumento que rematou cos monopolios de edición da igrexa. Hai que pensar que hoxe en día, o monopolio da información estaba en mans dos que tiñan os cartos, pero agora... agora está ó alcance de todos.

**-Vós botáchedes a camiñar cando gobernaba o PP. Agora gobernan outros. Moitas cousas pasaron, ó longo deste período. Mais, houbo algunha vez nestes dez anos en que vós sentirades atacados no voso dereito a expresaros con liberdade?**

-(L. R.) Como tódolos medios, sempre tes roces co poder. A cotío xorden cousas que publicas que non lles agradan ós políticos. O xeito de coartar do anterior goberno de Galiza baseábase na omisión de apoios, colaboracións, subvencións, axudas, publicidade. Eles dixéronnos claramente que non lles gustabamos. Porén, tamén é verdade que non fixeron nada por tentar que variásemos de rumbo. Este novo equipo de goberno e malia ser un pouco cedo para entrar en valoracións, temos que dicir que é máis accesible. É máis doado falar con eles. Entenden que en Galiza é importante que existan medios que traballan dende as novas tecnoloxías. A nivel publicitario, agora, a Xunta está a investir máis en publicidade en liña. Non só en Vieiros. Non sei ben se o fai por motivos ideolóxicos ou ben porque

é unha aposta polo emprego das tecnoloxías da información. O que si que é certo é que teñen máis interese no medio cós anteriores. Ademais, xa escoitei por aí que van dar subvencións ós medios dixitais. Isto é un cambio.

**-As CiberIrmidades da Fala, colaboradores nosos, constitúen un dos proxectos galegos na web máis antigos. Traballan, como sabedes, a prol de pedir máis presenza do galego nas web galegas. Por que credes que hai webmasters da nosa terra que seguen a preferir outras linguas para os seus desenvolvementos?**

-(L. R.) Todo iso está ben, pero tamén é certo que a presenza do galego en Internet, en relación coa pegada na comunicación real é infinitamente superior. Pásase dun 10 a un 40% de nivel de presenza. Sen embargo, como ben sinalan as CiberIrmidades, hai webmasters galegos que se seguen a negar a incluír o galego. Por que fan iso? Pois polos mesmos motivos que esgrimen na vida real para non empregar-la nosa lingua. Todo isto do galego sempre foi estraño. Tendo en conta que unha boa parte dos habitantes deste país falan máis galego ca castelán, como non está máis presente nos medios? É un sentido, e levamos varios séculos así. Por que os nosos grandes medios escritos seguen a ser en castelán?

**-Vieiros participa amplamente en tódalas iniciativas encamiñadas a acadar o ".gal", o recoñecemento dun dominio propio para a nosa cultura. Credes que hai esperanza para a consecución deste recoñecemento? En que medida credes que nos ía beneficiar, tanto nas redes (vida virtual) como na vida real?**

-(L. R.) Por que intentamos lanzar esta iniciativa? Porque cremos que é xusto para todos nós. É un símbolo da nosa identidade, da nosa cultura e a nosa lingua. O ".gal" pode contribuír a que haxa xente que, por existir iso, poña en marcha determinados proxectos. É un "punto gal" para toda a xente que estea interesada en Galiza. É, ademais, unha oportunidade de creación de novos servizos e novas temáticas. Favorecería a conciencia de mercado e abriría novas reflexións e novos negocios.

## Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación

Xa sabemos os nomes dos galardoados na cuarta edición do Premio de Xornalismo Científico Galicia Innovación. Segundo nos comunica a Xunta, os gañadores son os xornalistas Roberto Vázquez Nogueiro \_redactor do xornal electrónico Vieiros\_ e Raúl Romar García \_redactor de La Voz de Galicia\_. A Dirección Xeral de I+D, departamento organizador do certame, achegará 3.650 euros a cada un dos premiados. Polo que respecta ó "miolo" dos traballos recoñecidos, cómpre salientar que o de Roberto Vázquez, titulado *Libre e aberto: software para outro mundo posible*, está composto dunha serie de artigos sobre o espallamento dos programas de código aberto en Galiza, abranguendo cuestións como as definicións do software, a cronoloxía ou as declaracións dos directamente implicados. Neste caso concreto, o xurado valorou *"a visión rigorosa e exhaustiva que ofrece dun tema, como o do software libre, sobre o que existen numerosas fontes de información"*.

Pola súa parte, o de Raúl Romar, titulado *Varios grupos sitúan a Galia na elite mundial en nanotecnoloxía*, é un exhaustivo estudo sobre as orixes desta disciplina científica, as súas vantaxes no que se refire ó avance da ciencia mesma e as investigacións concretas que se están a levar cabo nesta materia nas universidades galegas. A razón do xurado para galardoar este traballo foi a seguinte: *"a súa capacidade para transmitir dun xeito comprensible unha disciplina tan complexa como é a nanotecnoloxía"*.

## A polo ghit!: á procura do King Africa galego

Tralo gran éxito de *Galicia será nación*, esa oda ó vicepresidente Anxo Quintana que tanto está dando que falar entre os melómanos do ciberespacio; a Radio Galega e o diario electrónico Vieiros veñen de lanzar un concurso de creación musical para atopar a canción do verán galega. *A polo ghit!*, que así se chama esta iniciativa, pretende incentivar e proclamar a creación musical en lingua galega para que esta compita en igualdade de condicións co castelán en materia de *booms* musicais. O concurso emítese dende o pasado sábado 3 de xuño nas mañás da fin de semana na Radio Galega, onde xa se deron a coñecer as primeiras composicións candidatas a se-la canción do verán, entre as que se atopan as de grupos coma Projecto Mourente, Markinhos Drinkin, Banda Potemkim, The Homens, Rumborrachera ou Transilvanians.

Mais esta convocatoria non se limita a grupos recoñecidos e consagrados nin moito menos. Pode participar todo aquel que queira (e que teña certo sentido do ritmo e pouca ou ningunha vergoña) con cancións gravadas unicamente en galego. Cada participante poderá enviar até o 31 de agosto as composicións que queira por correo electrónico a *apolohit@vieiros.com* e, como premio, amais de te-lo privilexio de torturar ós amantes da boa música coa escusa de se-la canción galega do verán, recibirán a oportunidade de dar un chimplo á fama grazas á previa gravación dun videoclip profesional producido pola TVG. Por outra banda, terán a oportunidade de actuar no programa Luar e outros programas da cadea; case nada... que se preparen as Ketchup, o Koala, Georgie Dann e incluso o gran rei desta modalidade, King Africa, porque este verán nos chiringuitos das praias españolas vai soar moito *hit* galego, acompañado de ricos sorbetes de augardente de herbas. Por certo, saberá Edilberto Alonso o que se está a cocer nestas terras?, presentarase ó concurso co seu último gran éxito?, e se gaña?, gravará o videoclip en Curtis con Anxo Quintana e Gayoso?... son dúbidas que quedarán resoltas o vindeiro 9 de setembro cando se dea a coñecer a canción gañadora.

## O Blogmenú do día

Vieiros non quere perder de vista a parte máis activa das redes en Galiza: a blogosfera. Ese é o motivo da posta en marcha do *Blogmenú do día*, que é unha sección dedicada a recompilar algúns dos comentarios e opinións máis interesantes do *blogomillo*. Política, cultura, tecnoloxía, deportes, gastronomía. Os blogs galegos ferven de puntos de vista sobre estas e outras cuestións. Botándolle unha ollada a esta sección de Vieiros achégasenos a oportunidade de ter unha xanela permanente con vistas a un fenómeno que está a sacar un comunicador de practicamente cada galego.



Así era, no pasado, esta publicación galega



Así é, hoxe en día, Vieiros



# Tecnoloxía de aquí

Abrimos con esta páxina unha sección sobre innovación empresarial galega



O material do curso da Escola Portomeloxo inclúe todo tipo de animacións e gráficos sobre navegación.



## REDACCIÓN

### Telémaco crea un sistema informático para facilitar o acceso ó miolo dos textos legislativos

Procurar e atopar un documento legislativo en rede non é tarefa complicada. O difícil é achar información concreta nese documento, evitar o longo proceso de lectura do texto para quedármomos unicamente con dúas frases, as que nos interesaban e que contiñan a información que procurabamos. Como facer este traballo máis doado? Acaso non é hoxe en día igual de importante (ou máis) facilitar o acceso a información que achegar información? Nesta liña de sinalarnos co dedo onde está exactamente o que procuramos é onde se pode situar o programa informático desenvolvido pola empresa Telémaco, con sé no Parque Tecnolóxico de Galicia (Ourense). A empresa, que leva en activo dende hai 11 anos, está a levar cara adiante o proxecto Geneia, que, en termos máis oficiais (da propia empresa) consisten en “empregar as máis novidasas técnicas de intelixencia artificial para a xeración, extracción e estruturación da información legislativa”.

Polo tanto, o produto é ideal para toda aquela persoa que desexe minimizar o esforzo da pescuda a través dunha integración de funcións informáticas. Ou sexa, que o sistema de Telémaco non só recupera un texto en concreto, senón que tamén identifica aquela parte do mesmo que poderíamos chamar o “miolo da cuestión”.

Amáis, dentro dos parágrafos que chamaremos “subliñables”, a ferramenta aplica técnicas de procesamento da linguaxe “co fin de identificar os elementos fundamentais co emprego de patróns de extraccións”.

Segundo informa a Consellería de Innovación nunha reportaxe elaborada sobre esta actividade concreta da empresa galega (cómpre sinalar que o proxecto conta co apoio financeiro deste departamento da Xunta), calquera pode verse beneficiado das vantaxes de Geneia, tendo en conta que máis tarde ou máis cedo até a empresa máis pequena ou afastada ten que verse na quenda de procurar información legislativa, sobre todo a que provén da Administración. Así, o abano de usuarios potenciais no eido da Sociedade do Coñecemento é amplo: empresas, particulares, profesionais do dereito e da xestión de empresas, a Administración e os organismos intermedios.

Tendo en conta isto, sería posible pensar que co proxecto de Telémaco é posible chegar a ter unha especie de diálogo en tempo real coa base documental da lexislación? Hai algunha maneira de que os sistemas de informacións que nos permiten acceder a estes datos saiban das nosas necesidades? A resposta a estas preguntas, segundo fan saber a empresa e máis a Consellería, non é outra que dous “si”. De feito, o sistema informático da empresa galega tíralle preguntas ó usuario que ande a procurar información. Como por exemplo de onde é ou que tipo de actividade desenvolve. O obxectivo (isto non se lle pode escapar a ninguén) é formar un perfil do requirinte. Estes e outros

datos serán “lanzados contra a estruturas de datos creadas a partir da análise lingüística do texto para obter os documentos que sexan potencialmente relevantes”.



### A empresa galega Telemo inaugurou en Oleiros unha cabina telefónica solar

Oleiros foi testemuña o pasado martes 13 de xuño da posta en marcha dun desenvolvemento tecnolóxico acorde cuns tempos, estes que vivimos, nos que se precisan máis ca nunca solucións enerxéticas distintas ás tradicionais, renovables, competitivas e (sobre todo) respectuosas co medio ambiente. Estamos a falar da inauguración oficial da primeira cabina telefónica cen por cen autónoma no que se refire ó abastecemento enerxético. Dito doutro xeito: non precisa conexión algunha por cable, xa que opera igual ca un teléfono móbil e, ademais, emprega enerxía solar. A cabina, que é ideal para lugares afastados a onde non chega o cableado tradicional ou tamén para os cascos históricos das cidades (evitaría ter que facer obras), ten un custo duns mil euros, segundo sinalou a empresa galega Telemo, responsable do desenvolvemento.

Ademais da de Oleiros, está prevista a instalación dunhas 80 máis noutros puntos de España e Portugal. A cabina inclúe un panel fotovoltaico que recolle a enerxía solar para acumulala nunha batería. A tecnoloxía do teléfono é a que empregan os nosos móbiles, a GSM. Porén, o prezo das chamadas que fagamos dende ela será semellante ó dos servizos urbanos tradicionais.



### A Escola Portomeloxo desenvolve en liña o curso de Patrón de Embarcacións de Recreo

Semella que a Internet da que máis se fala é a Internet que exerce de subministro de información, pero se cadra non se fala todo o que se debera da Rede como canle de actividades formativas. É dicir: a Rede como libro de lectura e aula que está en todas partes e que non nos esixe horarios fixos de concorrencia, vantaxes máis ca interesantes para todos aqueles galegos que viven lonxe de calquera espazo físico onde se imparten clases. Ademais, que ocorre cando o noso horario laboral nos impide chegar ás clases e ás academias antes de que estas pechen as portas? Segundo empresas como a Escola Náutica Portomeloxo de Santiago, a solución

está claramente no emprego da Rede. Esta escola, que vén de poñer en marcha \_en formato en liña, por vez primeira en Galiza\_ o curso de Patróns de Embarcacións de Recreo (PER), considera que en Internet é posible desenvolver as mesmas liñas formativas ca na vida real e, nalgúns casos, até melloralas. Por exemplo: á hora de aprende-lo manexo das cartas náuticas ou interpretar gráficos ou cadros sinópticos. O curso, que segundo a escola presenta a gran vantaxe de que se pode completar á conveniencia do usuario (sen traslados nin horarios), foi desenvolvido por profesionais de sectores diversos. Así, a escola Portomeloxo contou coa colaboración do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) ademais da dun equipo integrado por informáticos, capitáns da mariña mercante e deseñadores. O título de PER permite o manexo de embarcacións de até 12 metros de eslora a 12 millas da costa.

Estas son as características resumidas do curso:

- Integramente titorizado. A cada alumno adxudícaselle un titor en liña no intre en que se matricula. O titor orienta, axuda e resolve dúbidas, ademais de planificar o traballo de acordo coas posibilidades do estudo e o nivel do alumno.
- Inclúe centos de tests e exames autoavaliáveis.
- Incorpora exercicios en cartas náuticas virtuais. Esta é se cadra, a parte máis “dura” do proceso de aprendizaxe, a que se refire ó manexo das cartas e á resolución de problemas de navegación. No curso en liña faise unha exposición polo miúdo das dificultades que poidan xurdir na navegación real, a que comeza cando remata a virtual.
- Inclúe animacións, cadros sinópticos e outras axudas gráficas, visuais e auditivas.
- Pon a disposición dos alumnos apuntes descargables en PDF.



# Parasitos web: o San Martiño dos ciberdespistados

## Espállase a práctica de rexistrar dominios con nomes semellantes a algunha das páxinas ou servizos máis requiridos de Internet

RAQUEL NOYA

Un dominio, segundo esa imprescindible enciclopedia da que todos botamos man algunha vez nas nosas vidas, a Wikipedia, é a parte dunha *url* (endereço dunha páxina ou recurso en Internet) pola que se identifica ó servidor no que se aloxa; por poñer un exemplo, *codigocero.com*. Estes dominios clasifícanse por temas segundo a súa terminación, de tal xeito que os rematados en “.com” destínanse ó emprego comercial, “.org” a organizacións sen ánimo de lucro, “.gov” ou “.gov” a webs gobernamentais. En resumo, estamos a falar da parte do endereço dunha páxina web que identifica ó servidor; o que xa todos sabemos. Agora ben, este refrescamento da memoria vén a conto porque tralo fenómeno dos *ciberokupas* (ese termo empregado sen medida nos medios para referirse ó rexistro de dominios de marcas comerciais de xeito ilexítimo) chega o fenómeno dos *dominios parásito*. Estes rexístranse cun endereço semellante ó doutras páxinas de moito trafego, a fin de que un pequeno erro tipográfico nos desvíe da páxina á que nos diriximos inicialmente para dármolos de fociños no dominio parásito; todo isto, claro está, para facer o San Martiño á conta dos ciberdespistados.

Estes internautas arteiros e interesados, coñecidos como *typosquatter* en inglés, cando non poden “ocupar” o dominio dunha marca rexistran outros semellantes, con leves diferenzas tipográficas ou coas máis típicas erratas, tales como “elmundo” ou “elmnudo” no tanto de “Elmundo”, para dende alí, facer negocio coa súa publicidade. Cando escribimos un dominio na barra de enderezos é moi común ter erros ortográficos ou de teclado. Ás veces, simplemente decatámonos da equivocación, e noutras vemos na pantalla un grande letreiro que nos di que a páxina non existe. Mais, que acontece cando debido a leves diferenzas tipográficas imos dar a páxinas que non nos interesan o máis mínimo, que

asolagan a pantalla de publicidade e que de cada *clik* que facemos para desfacer o erro, xéralle rendementos ó creador? Que nos poñemos de mala uva. A nós, como usuarios, non nos supón ningún mal... relativamente, xa que o tempo é unha das cousas máis prezadas nos nosos días e non nos gusta perdelo ademais de amolarnos (por dicilo de xeito suave) que estes ciberparasitos acaden o seu malicioso obxectivo. *www.nic.es* é o rexistrador oficial de dominios de Internet en España e nas súas páxinas podemos descargar un PDF cos últimos dominios rexistrados. Cal non sería a miña sorpresa cando botando unha ollada pola páxina puiden comprobar que existen todo un repertorio de dominios con nomes moi sospeitosamente semellantes a coñecidas publicacións españolas, que tan só se diferencian por unha letra omitida, trasposta?

Como se explica senón que nun mesmo día se rexistren estes dominios: *canairas7.es*, *canarisa7.es*, *canaris7.es*, *canaras7.es* e *canrias7.es*? Vemos que todos son esaxeradamente semellantes ó dominio usado polo xornal canario Canarias 7. A estratexia está moi clara: se alguén teclea a páxina de Canarias 7 e comete algún erro tipográfico, moi probablemente será reconducido cara algún destes sitios parásitos. E o mesmo acontece con ducias de xornais e revistas de ampla difusión no noso país, que xa de por si tiñan indesexables piollos e carrapatas como para engadirlle novos parásitos á colección. Así están as cousas.

Mais a cousa non remata aí. Se nos trabucamos escribindo enderezos sinxelos por irmos rápido de máis ou por estarmos habituados a



flickr



flickr

escribir sen ollar para o teclado, a situación complícase moito máis cando se trata de enderezos escritos en inglés ou noutras linguas. É aí cando os latinos metémo-la gadoupa ata o fondo e poñemos “*chicken.com*” cando queremos poñer “*kitchen.com*” aínda que sen maiores consecuencias que atoparnos con receitas de saboroso polo frito no tanto de elegantes mobles de cociña. Neste caso non se trataría de “dominios parásito”, senón máis ben de “despistes garrafais”, que non nos ocupan lugar agora, aínda que se poderían escribir centos de páxinas sobre o tema.

### O problema de non escribir ben “flickr.com”

Pero os dominios parásito por excelencia ó que os latinos accedemos por erro ó escribir noutro idioma son, sen dúbida, os derivados do endereço *www.flickr.com*, a rede social de fotografías en Internet. Confeso



wikipedia

que eu mesma escribino mal á primeira redactando este artigo. E é que os que non temos práctica na escritura destes “palabros” con máis consoantes que vocais, nada menos que cinco a un... cústanos o seu ordenalas ó xeito, co que, de cada vez que nos trabucamos na orde dalgunha letra, pasamos a ser presa fácil dos parásitos, dominios pantasma e demais lixo. Así é que no tanto de “flickr” (de novo á segunda), pode pasar perfectamente que poñamos “fliclr”, e a onde imos dar entrando en *www.fliclr.com*? Pois a un sitio cheo de xanelas que emerxen de tódolos currunchos, onde até amablemente nos convidan a poñelo de páxina de inicio.

Ademais, sabendo que chegamos alí na procura de imaxes, aproveitan a oportunidade para falarnos delas e facernos participar dos seus *posters* e das súas encadernacións. Parásitismo? Eu coído que si. Pero vexamos outro exemplo, imaxinádevos que nos esquecemos do “i”, que xa ten tela, pero pode pasar, e entramos en

*www.flickr.com*. Con este dominio ocorre exactamente o mesmo que no anterior, moitas ventás e suxestións doutros enderezos pero nada do que procuramos. E qué pasa se cambiámo-la orde do “i” e o “l” e escribimos por erro, “*www.filckr.com*”. Este sitio xa é distinto ós anteriores. Este está máis elaborado; ten un deseño e unha vontade de facer un “parásito” sen faltas



wikipedia

de ortografía. É menos intrusivo e non nos tira a esgalla xanelas emerxentes nin demais programas de instalación dúbidosos, pero non nos enganemos, aínda que estea mellor envolto, de novo estamos ante un intento de aproveitarse do éxito dos demais.

### Gogle.es... ese suposto buscador

O mesmo acontece se entramos por erro en *www.gogle.es*. Atoparémolos cunha web visitada por unha masa de usuarios de Internet que igual nin son conscientes de que non están no sitio que procuraban porque, en verdade, é moi semellante á orixinal e incluso ofrece unha barra de busca en Google que te leva directamente ó buscador máis



wikipedia

demandado polos *ciberdictos*. Respecto desta páxina, certo individuo que se autocualifica no seu blog como usuario máis avanzado có resto e experto en internet, alegando que nunca se trabucou escribindo un endereço (unha especie en perigo de extinción, como podees enxergar), di que estamos perante unha páxina con PR3 e un *ranking* de 219.411 visitas en Alexa. É

increible que Google non rexistrara este erro se xa o fixo cos “.com” e outros TLD’s locais. As súas razóns terá, pero aínda que non lle saquen moitos beneficios, si que é verdade que aquela web non dá moi boa imaxe.

Eu agora imaxino que vos estaredes cuestionando o que é o PR3. Non teño nin idea, admíto, non son unha especialista avanzada en Internet... coma outros. Probei a entrar na Wikipedia, en *www.wikipedia.org* e nada. En *www.wykipedia.com*, nada. En *www.wykipedia.es*, nada. En *www.wykipedia.com*, nada. En *www.wykipedia.es*, e tampouco nada... Si, xa sei que o escribín mal, pero é que todas me levaban a dominios parásito moi interesantes. Eu non saía do meu abraio ante tal cantidade de posibilidades de erro con cadanseu dominio parásito para recibirme cos brazos abertos e coa caixa rexistradora sen deixar de soar. Unha curiosidade que me remexe os miolos é que todas estas páxinas-parásito están en español. Será que os que empregan este idioma teñen especiais problemas para escribir sen erros na barra do navegador certos enderezos? Ou será que o resto de usuarios xa teñen as páxinas en favoritos e non empregan o teclado para acceder a elas? Sexa polo que sexa, algúns *espabilados* están a facer o San Martiño á conta dos *ciberdespistados* coma min.

# Crónicas dende os mandos da consola

O noso colaborador Pablo Grandío pisou o chan da feira do videoxogo máis importante do mundo, a E3, en Los Ángeles, e estas que presentamos son as súas impresións

**PABLO GRANDÍO**  
**DIRECCION@VANDAL.NET**

Unha vez mais, coma cada ano, a industria do videoxogo reuniuse en Los Ángeles, California, para amosa-lo que prepara para a vindeira tempada do Nadal e para máis adiante. Logo de que o ano pasado a feira estivese protagonizada por PlayStation 3 e a promesa de gráficos increíbles, e a chegada de Xbox 360 aquel mesmo Nadal, a edición de 2006 presentou unha nova xeración xa comezada, con Xbox 360 nas tendas dende hai xa uns meses, pero que moi cedo terá competencia da "man" da PlayStation 3 e da Wii, a nova consola de Nintendo, que estiveron en chave *xogable* na macroxuntanza.

As novas consolas foron as protagonistas, e as que de feito loitaron por te-la maior relevancia de cara ó público. Nas conferencias previas, as tres compañías que devecen por controla-lo sempre crecente mercado das consolas, ou mellor dito, por arrebatarllo a Sony, anunciaron as estratexias que seguirán nos vindeiros meses. A primeira foi a de Sony, que puxo a data de lanzamento global de PlayStation 3 en novembro deste ano, e anunciou para decepción de moitos dos presentes que o seu prezo será maior do que se agardaba, 499 euros a versión normal e 599 a completa. Tamén amosou os xogos que prepara, dende franquicias xa consolidadas como *Gran Turismo* ou *Formula 1* ata novas creacións coma *Resistance: Fall of Man* ou *8 Days*. Tamén presentou o mando final da consola: contará cun detector de inclinación para competires coa revolucionaria Wii.

O seguinte día chegaron as quendas de Nintendo e Microsoft. A primeira amosou no teatro Kodak a súa nova consola de videoxogos, coñecida ata poucos días antes do evento como



Revolution, que finalmente recibirá o nome de Wii, sen o "Nintendo" diante, tentando crear de cero unha nova marca seguindo o vieiro marcado por Google ou Skype. A maior novidade de Wii é o seu mando, que abandona o tradicional sistema de control para optar pola detección completa de movemento, en 3D, facendo que os xogos troquen a súa forma para sempre, como puidemos ver nos primeiros títulos, entre os que hai un novo *Mario*, un novo *Metroid* e un novo *Zelda*, ou mellor dito, o que ía saír para GameCube, os tres empregando de xeito orixinal as novas capacidades do mando, no que se basea a consola, dado que as súas capacidades técnicas non son tan grandes coma as das outras dúas.

## Microsoft, máis activa ca nunca

Semellaba que Microsoft estaba relegada a un papel secundario ante os grandes anuncios das súas competidoras, pero a compañía fixo unha longa presentación onde, amais de amosa-la súa nova liña de xogos para Windows unha vez saia Windows Vista, presentou unha grande cantidade de novos xogos para Xbox 360, a maioría deles moi interesantes e destinados a se-los protagonistas desta tempada de Nadal, como *Gears of War*, *Forza Motorsport 2*, *Crackdown* ou *Too Human*. Tamén anunciou o *Pro Evolution Soccer* e o novo *Grand Theft Auto IV*, que sairá ó mesmo tempo para PS3 e Xbox 360, e finalmente fíxose público o primeiro tráiler de *Halo 3*, que non chegará até 2007.

Os novos xogos de Microsoft obtiveron un grande éxito entre os asistentes, sobre todo *Gears of War*, unha proposta de acción de Epic Games ambientada nunha guerra entre os humanos e os alieníxenas, e *Mass Effect*, que combina rol e acción, procedente de Bioware, os creadores de *Cabaleiros da Antiga República*. Nintendo obtivo un gran éxito coa súa nova consola, o novo xeito de xogar cativou ós presentes non só cos xogos "clásicos", senón tamén con títulos como *Wii Sports* (xogar ó tenis co mando da consola) ou o novo *Wario Ware*, que nos fai colle-lo novo mando como un paraugas, unha luva de boxeo e outras moitas alternativas dependendo do minixogo.

PlayStation 3 acaprou tamén moitas das miradas, aínda que había moi poucos xogos presentados en versión interactiva na feira. Os de Sony, ademais, non chamaban moito a atención ó tratárense de xogos novos, non de franquicias coñecidas, aínda que destacou *Heavenly Sword*. Tamén o fixo *Metal Gear Solid 4*, amosado en

tráiler, como adoita a facer Konami, que atraeu as olladas dos xogadores pola impresionante calidade gráfica. Outros xogos amosados para a consola foron *Tekken 6* e *Ridge Racer 7*, os dous en vídeo, e títulos de Sega como *Sonic* ou *Virtua Tennis*, que tamén sairán para Xbox 360.

## Xogos de PC

Mais non só se fixeron públicos xogos das grandes compañías, nin tampouco só para consola. Os xogos de PC volveron a demostrar que os eternos prognósticos sobre o seu declive seguen errados, pois houbo grandes xogos para esta plataforma. Electronic Arts presentou dous dos máis salientables. Por unha parte estaba *Crysis*, un novo xogo de acción en primeira persoa desenvolvido por Crytek, os creadores de *Far Cry*, que volve a ter lugar en enorme escenarios, esnaquizables en tempo real. Tamén estaba *Spore*, o novo proxecto de Will Wright, o creador dos *Sims*. Nesta ocasión, poderemos crear as nosas propias especies, e desenvolverlas nun universo totalmente configurable, e sen límites. Algo tan orixinal coma difícil de explicar.

Ubisoft amosaba no seu stand, moitos xogos novos, aínda que en poucas versións operativas. Por unha banda, *Brothers in Arms 3*, terceira parte da súa saga de acción militar, que esta vez sairá para a nova xeración ademais de para PC. E, pola outra, *Splinter Cell 4*, que se amosaba case completo, sendo igualmente salientables dous xogos novos: *Assassin's Creed*, unha proposta de acción votada como a mellor de PlayStation 3 da feira, e *Haze*, dos creadores de *TimeSplitters*, xogo ambientado nun futuro no que a guerra é un negocio.

2K Games tamén tiña algúns xogos moi interesantes. *The Darkness* esta baseado no cómic do mesmo nome e chegará para PS3 e Xbox 360 a principios de 2007. *Bioshock* foi outra das estrelas da feira, un xogo de acción en primeira persoa ambientado no futuro, con un gran compoñente de rol. A porta pechada, no stand de Sega, puidemos comprobar o grande xogo que será *Medieval 2: Total War*, e tamén as primeiras cousas que prepara para Wii, un *Sonic* e un xogo de *Super Monkey Ball*.

Activision tiña en versión xogable un dos títulos que máis darán que falar nos vindeiros meses, *Enemy Territory: Quake Wars*, un xogo de acción *on line* ó estilo de *Battlefield*, pero ambientado nas guerras de *Quake 4*, cun armamento futurista e cun espectacular

apartado gráfico. As novas versións de *Tony Hawk* e un xogo de Marvel onde poderemos escoller un amplo abano de personaxes, tamén chamaron moito a atención. THQ, pola súa parte, incidiu en dous dos máis importantes xogos de estratexia para este ano: *Supreme Commander* e *Company of Heroes*, o primeiro ambientado no futuro e o segundo con moitas innovacións como os subministros na Segunda Guerra Mundial.

Un dos xogos que máis sorprende ó que escribe foi *Just Cause*, de Eidos, onde se pode conquistar unha illa tropical seguindo dous camiños ben diferenciados, sexa pola vía militar ou establecendo alianzas coas mafias do narcotráfico, unha especie de *Grand Theft Auto* nun ambiente natural. Atari amosou os novos xogos de *Dragon Ball*, que seguen a ter un gran éxito: *Alone in the Dark* e *Neverwinter Nights 2* (este último moi prometedor). Vivendi presentaba, en versión xogable, a expansión do exitoso *World of Warcraft*.

## A pegada española

Finalmente, a presenza española da feira limitouse unicamente á de Planetas DeAgostini, que tiña un stand por primeira vez no West Hall, unha das zonas importantes, onde fixo promoción de catro xogos producidos aquí. Aparte de *PC Fútbol 2007*, que incluíra un interfaz mais limpo e claro e novidades como a enfermería, a compañía amosou un xogo de estratexia baseado na Guerra Civil, *Shadows of War*, e o primeiro xogo de nova xeración feito por un estudo español, *Wild Summer*, mestura de *GTA* e *American Pie* que nos pon na pel dun mozo nunha cidade de vacacións, que sairá para PC e Xbox 360.

Se a E3 do ano pasado deixou fríos a algúns porque non puideron xogar en tódalas novas consolas, esta edición cumpriu as previsións, coas tres competidoras "vestidas de gala", con grandes xogos para todas elas e tamén con interesantes lanzamentos para PC. Este Nadal asistiremos ó lanzamento de dúas novas plataformas e tamén á consolidación de Xbox 360, que terá un catálogo de xogos moito máis completo e con grandes títulos. Tamén poderemos ver a chegada en PC dunha nova xeración de xogos de estratexia, acción e simulación. A nova xeración promete grandes propostas e, tamén, segundo tódalas previsións, unha verdadeira loita entre os diferentes formatos. Polo momento, Microsoft bateu primeiro, mais os seus rivais terán moito que dicir nuns meses.







# SOFTGAL

desarrollo e integración de sistemas

soluciones e-business

ingeniería de sistemas, redes y comunicaciones

integración sistemas multimedia y audiovisuales

soluciones de almacenamiento

infraestructuras TIC



A Coruña

Santiago de Compostela

Vigo

Madrid

Lisboa



# QUÉRELA? AQUÍ A TES.



PIAGGIO

KIT DE SEGURIDADE



CASCO + ANTIRROUBO  
+ SEGURO PRIMEIRO ANO  
**INCLUIDO\***

E, DE PAGARES  
COA VISA CLIP

**5%**  
DE DESCONTO  
NO PVP DA MOTO\*\*



# SÓ 25 € AO MES\*



Infórmate nas nosas oficinas, en [caixagalicia.es](http://caixagalicia.es) ou no 902 310 310

Oferta válida até o 30/06/2008. O PVP inclúe IVE e entrega en coposición.  
TAE: 9,168% calculada para un préstamo de 1.000,00€ en 33 cotas mensuais. Tipo de euro nominal anual 7,917%. Comisión de apertura 2% (mínimo 36,05€). Gastos de estudo 0,5% (mín: 12,02€). Incluído o seguro da moto durante o primeiro ano para maiores de 25 anos. (\*) Preço da moto con seguro 1.200€

 GALICIA NAVEGA  
VUELTA AL MUNDO A VELA 2005-2006

 CORREDURÍA DE SEGUROS  
GRUPO CAIXAGALICIA

Oferta de financiación de:  
 CAIXAGALICIA